

**OUTRAS PUBLICACIÓNS**

- *As políticas culturais nas sete principais cidades galegas*
- *Situación e perspectivas sociolaborais dos técnicos de cultura dos concellos galegos*
- *Anuario de estadísticas culturais 2006*
- *Anuario de estadísticas culturais 2007*
- *Ocio e hábitos culturais dos galegos*
- *O turismo cultural en Galicia*

As oportunidades que ofrece a cultura para o desenvolvemento económico reciben unha atención crecente, xa que cada vez se impulsan máis programas e medidas que permitan o que se dá en chamar un cambio no modelo produtivo e preparar a transición cara a unha economía dinámica e baseada no coñecemento. O papel das industrias culturais neste cambio de modelo incide na capacidade do conxunto de actividades económicas que desenvolven para impulsar o intercambio e difusión de coñecemento, constituíndo nichos de creatividade.

A evolución dos principais indicadores económicos da cultura produtiva en Galicia semella positiva. No futuro será de grande interese observar ata que punto este sistema produtivo desenvolve as capacidades que detectamos. O marco da crise económica global, que determinará ata que punto é posible unha aposta polo coñecemento como xerador de riqueza, será o banco de probas para un conxunto de actividades que constitúen unha das realidades empresariais máis prometedoras de Galicia.

O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica



**OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA**

**O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica**

**OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA**

O Observatorio da Cultura Galega foi creado no ano 2007 ao abeiro dun convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte e o Instituto Galego de Estatística co fin de compilar as principais estadísticas culturais de interese para Galicia, detectar as necesidades informativas neste eido e constituírse no punto de referencia e coordinación dos estudos empíricos relacionados coa cultura. O seu produto principal é a elaboración dun informe anual e unha base de datos de acceso público na internet que constitúa unha ferramenta de consulta útil para os axentes culturais e o conxunto da sociedade galega. Outros obxectivos relacionados con este son a detección de necesidades estatísticas, co fin de asesorar o goberno nesta materia, coordinar as operacións estatísticas de cultura, promover a análise de datos e elaborar informes cos resultados. Unha liña de investigación destacada é a centrada na economía creativa, orientada a ponderar o peso do ámbito cultural no tecido produtivo, así como a definición de estratexias que achen valor engadido, creen emprego e incidan nunha economía baseada no coñecemento.

documentos & informes



documentos & informes



OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

# O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica



(di)

documentos & informes

Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega  
O sistema productivo da Cultura en Galicia, unha visión económica / Observatorio da Cultura Galega ; [coordinador,  
Håkan Casares Berg]. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2010. — 105 p. ; 28 cm. — (Docu-  
mentos e informes ; 13)  
D.L..... — ISBN 978-84-92923-03-8  
1. Galicia-Política cultural. I. Casares Berg, Håkan. II. Título

**Edita**

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2010  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.org  
www.consellodacultura.org

**Coordinador**

Håkan Casares Berg

**Equipo Técnico**

ARDAN-Consorcio da Zona Franca de Vigo

**Proxecto Gráfico**

IMAGO MUNDI Deseño

**Imprime**

Unidixital

Depósito Legal:

ISBN 978-84-92923-03-8

## Presentación

**C**onscientes do protagonismo que as industrias culturais están acadando no desenvolvemento das economías dos países europeos, así como do crecente interese que o enfoque económico da cultura suscita en estudosos e axentes do sector, o Consello da Cultura Galega considerou oportuno realizar, a través do seu Observatorio da Cultura Galega, unha análise descritiva sobre o ámbito do sistema produtivo da cultura en Galicia. Hai que dicir que este ámbito estaba marcado, ata a publicación deste informe, pola absoluta seca informativa e analítica.

Emprendeuse este traballo –o primeiro deste tipo que se fai na Comunidade Autónoma galega–, en colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo, xa que se trata da entidade máis relevante e acreditada no que a información empresarial se refire, como reflicte a súa enorme base de datos empresariais coñecida como Ardán. Con este informe pretendemos amosar diferentes aspectos da armazón do sistema produtivo empresarial da cultura galega: as actividades que o compoñen, a súa distribución territorial, a súa contribución á riqueza e á creación de postos de traballo, así como outras particularidades relacionadas co investimento, financiamento, rendibilidade ou gasto, entre outros. Ningún aspecto fundamental dos que conforman o sistema produtivo da cultura en Galicia ficou fóra da nosa análise.

Do resultado da investigación realizada quero salientar, como conclusións de interese para todos os axentes e actores do sistema cultural galego, que a actividade económica que emana deste ámbito é moi superior ao gasto público realizado, o que debería aclarar certas dúbidas prexuzosas sobre o carácter subvencionado da creación cultural. Así mesmo, cómpre resaltar a forza laboral do sector e a súa capacidade para xerar postos de traballo de calidade.

Os datos agora publicados, vistos no seu conxunto, amosan un crecente auxe do sector, tanto en termos de creación de emprego como en contribución á riqueza da economía galega. O obxectivo do Consello da Cultura Galega é o de contribuír a facer da cultura un dos motores económicos de Galicia nos vindeiros anos, tal e como suxerían as institucións europeas, a partir da Estratexia de Lisboa. Talvez en tempos de crise sexa aínda máis oportuno chamar a atención sobre o valor económico da cultura.

**Ramón Villares Paz**

Presidente do Consello da Cultura Galega



## ÍNDICE

Presentación .....	5
<b>1.</b> O sistema produtivo da cultura en Galicia .....	9
<b>2.</b> Estudo global das empresas do sistema produtivo da cultura en Galicia .....	17
2.1. Metodoloxía .....	19
2.2. Evolución económica e financeira .....	21
2.2.1. Evolución dos ingresos, custos e resultados.....	21
2.2.2. Evolución do investimento e financiamento .....	26
2.2.3. Evolución da rendibilidade e magnitudes asociadas.....	28
2.3. Análise do emprego.....	31
2.3.1. Estrutura do emprego .....	31
2.3.2. Produtividade do emprego .....	32
2.3.3. A xeración de emprego nas empresas .....	33
<b>3.</b> Estudo sectorial .....	35
3.1. Os sectores do sistema produtivo da cultura en Galicia .....	37
3.1.1. A clasificación sectorial .....	37
3.1.2. Os sectores máis importantes da cultura .....	37
3.1.3. Radiografía económica e financeira dos sectores da cultura .....	38
3.2. Comparativa con outros sistemas produtivos de Galicia .....	48
<b>4.</b> Estudo territorial .....	53
4.1. Análise por provincias .....	55
4.2. Análise por comarcas .....	58
<b>5.</b> Indicadores de mellores prácticas empresariais.....	61
5.1. Significado de indicador de mellores prácticas empresariais .....	63
5.2. As empresas ben xestionadas .....	64
5.3. As empresas gacela .....	67
5.4. As empresas de alto rendemento .....	70
5.5. As empresas de alta produtividade.....	73
<b>6.</b> Os retos das empresas da cultura. Conclusións.....	77

Anexos

Bibliografía .....	85
Glosario .....	86
Codificación CNAE .....	89



**Capítulo I**  
**O SISTEMA PRODUTIVO  
DA CULTURA EN GALICIA**



Difícilmente se pode entender unha historia da cultura occidental sen atender ao feito particular de que dende principios do século XIX a creación, produción e distribución de bens e servizos culturais evoluciona, como a maioría das actividades humanas, dun xeito sen precedentes dende o Neolítico. A Revolución Industrial, con todos os cambios socioeconómicos, culturais e políticos que comporta, tivo unha repercusión fundamental no xeito en que entendemos a cultura. Este período arranca co nacemento da prensa escrita, a difusión intensiva de libros, partituras e ilustracións e a proliferación de espectáculos. As transformacións de finais do século XIX e principios do XX na difusión da cultura están intimamente relacionadas coa aparición dos mercados de masas no Reino Unido e Francia, principalmente, e a introdución da tecnoloxía que permitiu a creación de soportes gravados de imaxe e audio. A partir da fin da Primeira Guerra Mundial vemos comezar unha etapa dominada pola cultura de masas con orixe nos EE UU e a intervención dos estados no espazo radioeléctrico e noutros medios de difusión. A partir da década de 1960, o aumento do gasto público, a internacionalización das actividades económicas e a aparición das novas tecnoloxías da información foron impulsando un tecido cultural cada vez máis profesionalizado, accesible e diverso, cunha implantación crecente na sociedade e na actividade económica<sup>1</sup>.

Durante o século XX, principalmente, fomos testemuñas dun debate sobre o feito cultural e, máis concretamente, da súa relación co intercambio de bens e servizos culturais, marcado polo coñecido como enfoque «crítico». As diferentes achegas que se fixeron dende o Marxismo, o estruturalismo, a Escola de Frankfurt e o posmodernismo, malia procederen de tradicións filosóficas distintas, comparten un escepticismo cara á globalización, unha cultura impulsada polo mercado e unha crítica cara ao sistema capitalista. Algúns autores propoñen unha revisión deste enfoque, valorando a riqueza que produce o intercambio de bens no benestar das persoas ou a capacidade que a cultura ten de incidir en ámbitos creativos<sup>2</sup>.

Na nosa opinión, e á marxe da natureza do enfoque teórico, asistimos a un punto de inflexión no ámbito cultural. A influencia da globalización, do mercado, das transformacións tecnolóxicas, da xestión de dereitos intelectuais e dos modelos de análise dun sector social que transcende as reflexións clásicas sobre un concepto de difícil aprehensión son algúns dos factores que inciden nunha evolución que afectará a todos os ámbitos da vida das persoas e das estruturas sociais.

As oportunidades que ofrece a cultura para o desenvolvemento económico reciben unha atención crecente por parte dos estados. As institucións europeas e a maioría dos gobernos impulsan programas e medidas que permitan o que se dá en chamar un cambio no modelo produtivo. Os antecedentes son moi anteriores ao escenario que aparece despois da crise financeira de 2008, con orixe nos EE UU, cando en Europa se empeza a chamar a atención sobre a necesidade de camiñar cara a un modelo de crecemento alternativo e co obxectivo de transformar a economía baseándose, principalmente, no coñecemento. Os antecedentes políticos desta idea están plasmados dende principios da década de 2000 na coñecida como Estratexia de Lisboa. O cambio de modelo económico que supón o enfoque da axenda debe preparar a transición cara a unha economía dinámica e baseada no coñecemento. O papel das industrias culturais neste cambio de modelo incide na capacidade do conxunto de actividades económicas que desenvolven para impulsar o intercambio e difusión de coñecemento, constituíndo nichos de creatividade.

A creatividade pode definirse simplemente como a habilidade para xerar algo novo<sup>3</sup>. Dende un punto de vista xenérico, a súa relación coa economía espertou máis interese nas áreas da ciencia e da investigación. A creatividade supón un proceso complexo de innovación no que se inclúen ideas, habilidades, tecnoloxía, xestión e procesos. O máis positivo é que ten a capacidade de incidir positivamente en todos os aspectos da economía. Dende este punto de vista, a cultura non se entende como un produto de consumo final, senón como unha fonte de consumo intermedio do proceso de produción. Tradicionalmente, a creatividade entendíase en relación coa produción artística, ligada á imaxinación e á estética. Esta

<sup>1</sup> Sassoon, Donald (2006), *Cultura. El patrimonio común de los europeos*, Barcelona, Crítica.

<sup>2</sup> Cowen, Tyler (2002), *Creative Destruction*, Princeton, PUP.

<sup>3</sup> Howkins, John (2007), *The creative economy*, Londres, Penguin.

dimensión é dificilmente vinculable coa economía. Nas teorías iniciais da incidencia da innovación no desenvolvemento económico<sup>4</sup> desbótase a idea de creatividade cultural como elemento desta. Máis ben, a innovación entendíase ligada á organización empresarial, ao comercio e aos mercados, todos eles elementos centrais das teorías económicas. En calquera caso, o estudo pormenorizado dos elementos que inciden na innovación mostra a incidencia de moitos aspectos que naquel marco eran ignorados. Nos modelos actuais enténdese a creatividade como un proceso moito máis interactivo, onde a innovación económica, científica e tecnolóxica se alimenta tamén da creatividade cultural, plasmada en ideas tan diversas como os valores, as actitudes e o acceso á información, entre outros<sup>5</sup>. Desde este punto de vista, podemos entender que o ámbito cultural é un máis dos elementos que inciden nesta perspectiva complexa do desenvolvemento económico.

O estudo das industriais culturais ou creativas espertou un interese crecente. As definicións da natureza e das actividades que comprenden non son unívocas. As propostas teóricas e descritivas sobre este obxecto de estudo varían considerablemente, sobre todo no relativo aos criterios de inclusión de certas actividades consideradas laterais ou complementarias<sup>6</sup>. Do mesmo xeito procedemos noutras ocasións<sup>7</sup>, dende o Observatorio da Cultura Galega ofrecemos unha proposta operativa de delimitación do sector, baseada nas propostas do Ministerio de Cultura, de Eurostat e Unesco, atendendo ás particularidades do ámbito cultural galego. As construcións metodolóxicas principais veñen dadas pola natureza das distintas clasificacións das actividades económicas e da dispoñibilidade de datos. O resultado pode observarse na táboa «Clasificación de actividades do Sistema Produtivo da Cultura en Galicia» (capítulo 2).

Para poder facernos unha idea do impacto do ámbito cultural na economía, procederemos a describir algúns indicadores fundamentais.

A maioría dos países da UE fixeron medicións da importancia económica do sector, variando o peso do sector no PIB de cada país entre cotas superiores ao 5% (Dinamarca, Reino Unido e Suecia) a cotas inferiores ao 1% (Lituania). En España, o sector representa un 3% do PIB<sup>8</sup> e en Galicia as estimacións permiten supoñer que a contribución ao PIB rexional fose aproximadamente dun 2% en 2003<sup>9</sup>. Comparando o sector co peso no PIB galego doutras actividades económicas comprenderemos a súa importancia. O peso do sector na economía tende a crecer con taxas importantes, que no conxunto de España rolda o 6% anual. É dicir, o sector cultural é un sector máis dinámico que o conxunto da economía.



<sup>4</sup> Schumpeter, Joseph A. (1944), *Teoría del desenvolvemento económico*, México, Fondo de Cultura.

<sup>5</sup> Comisión Europea (2006), *The economy of culture in Europe*, Bruxelas, Comisión Europea.

<sup>6</sup> Para unha descrición recente das industrias culturais, Hesmondhalgh, David (2007), *The Cultural Industries*, London, Sage.

<sup>7</sup> Observatorio da Cultura Galega (2006, 2007), *Anuario de estadísticas culturais*, Santiago, Consello da Cultura Galega.

<sup>8</sup> Ministerio de Cultura (2006), *El valor económico de la cultura en España*, Madrid, Ministerio de Cultura.

<sup>9</sup> García Gracia, Isabel et al. (2008), *La dimensión económica de la industria del ocio en España*, Madrid, MacGraw Hill.

Outro factor fundamental para comprender a dimensión do ámbito cultural ten que ver coa forza de traballo que emprega. Outra vez, atopamos unha variación importante nas distintas economías europeas, pero en calquera caso supoñendo proporcións importantes do mercado laboral. No caso de Galicia o sector empregaba unhas 23.300 persoas en 2007<sup>10</sup>, maiormente no sector privado, o cal supón un 2% dos traballadores, unha proporción semellante á que ocupan os empregados no sector da banca e os seguros ou no sector téxtil<sup>11</sup>, por exemplo. Os datos do segundo trimestre de 2008 da Enquisa de Poboación Activa mostran que o emprego cultural pasou de 23.300 ocupados a 26.000. Este dato rompe a tendencia negativa do ano anterior, que mostraba o primeiro descenso dende que existen datos sobre emprego cultural en Galicia. Ao mesmo tempo, esta suba supón un incremento sobre o total do emprego galego, que pasa do 1,9% ao 2,2%. En termos absolutos, 2008 só se ve superado por 2006 por 300 traballadores.

### Emprego cultural, 2000-2008 Datos do segundo trimestre de cada ano

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Valores absolutos (miles)	16,9	20,1	18,1	17,7	21,3	25,1	26,3	23,3	26,0
Porcentaxe sobre o total de emprego	1,7	2,0	1,8	1,7	2,0	2,3	2,3	1,9	2,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Población Activa

Comparativamente, Galicia tivo un comportamento mellor que o total de España, onde o crecemento tamén foi positivo. En termos porcentuais, o emprego cultural en Galicia incrementouse un 11,6%, mentres que no conxunto do Estado foi do 2,2%.

Por comunidades, Galicia é a sétima en incremento relativo. As comunidades onde descendeu o emprego cultural son Madrid, País Vasco, Cataluña, Aragón e Baleares.

O emprego cultural tivo ademais un comportamento mellor que o total do emprego (no mesmo período de referencia, o incremento da poboación ocupada foi de 0,4% en Galicia).

O turismo cultural é tamén unha fonte de ingresos moi importante para Galicia xa que, do total de turistas, unha cuarta parte ten como motivo principal coñecer a cultura local ou o medio. En 2008, 550.000 españois residentes fóra da nosa comunidade visitaron Galicia por motivos culturais. Malia que nalgún ano se produciu algunha caída nos viaxeiros, o certo é que nos últimos 7 anos o crecemento deste tipo de turistas é de máis do 100%. Do total de visitantes (incluídos os que veñen por motivos profesionais ou familiares) do resto de España, o turismo cultural supón case o 7%, cifra que se eleva ata o 16% dos que veñen por motivos de ocio. Unha diferenza positiva que ofrece o turista cultural que vén a Galicia ten que ver coa duración media da estada, que é sensiblemente maior que a do conxunto de turistas, sumando case 3 millóns de noites feitas en 2008.

No mesmo ano, chegaron a Galicia case 500.000 viaxeiros procedentes do estranxeiro por motivos culturais. Igual que ocorre cos turistas españois, malia que hai unha certa variación segundo os anos, cunha baixada en 2007 e unha recuperación en 2008, obsérvase un crecemento histórico moi forte. Por tomar un ano de referencia, dende o Ano Santo de

<sup>10</sup> As cifras do sector cultural en Galicia están tomadas de Observatorio da Cultura Galega (2008), *Anuario de estadísticas culturais 2007*, Santiago, Consello da Cultura Galega e de Observatorio da Cultura Galega (2009), *O turismo cultural en Galicia*, Santiago, Consello da Cultura Galega.

<sup>11</sup> Soamente contempla actividades industriais.

2004, as entradas deste tipo de viaxeiro experimentaron un incremento do 296%. Se o efecto arrastre do Xacobeo parece menos obvio entre os turistas culturais do resto de España, no caso dos viaxeiros internacionais semella que esta celebración incide moi positivamente na atracción de turistas en anos posteriores. En calquera caso, semella difícil acadar cotas de crecemento semellantes, xa que se produce un salto cuantitativo moi importante entre 2004 e 2005. É outro dato positivo que a proporción entre turistas e excursionistas tamén vaia evolucionando a favor da primeira, dado o maior gasto que realizan. Esta proporción está moi condicionada pola entrada de excursionistas portugueses, que forman, dentro deste grupo, o colectivo con diferenza máis importante. Con todo, é moi importante o feito constatado de que cada vez son máis os habitantes do país veciño que fan noite en Galicia nas súas visitas. O efecto do Xacobeo 2004 neste grupo parece que inflúe nunha maior afluencia de turistas fronte a excursionistas, coa salvidade do ano 2008, en que a proporción de excursionistas crece. O resto de viaxeiros internacionais que acceden a Galicia por motivos culturais acada unha cota do 18%, aproximadamente, en 2008, pero con taxas de crecemento espectaculares entre os turistas americanos e europeos, que ademais son os que teñen estadías máis longas.


En canto ao gasto dos turistas, os resultados semellan moi positivos, proporcionan uns ingresos de case 220 millóns de euros en 2008, o cal supón máis da terceira parte do total do gasto dos turistas. O gasto medio diario roldou os 110 euros. O Xacobeo parece incidir positivamente neste indicador, xa que en 2004 os turistas españois realizaron o maior gasto diario medio por persoa e os estranxeiros o segundo mellor de toda a serie. O gasto medio diario dos estranxeiros é sensiblemente maior ao dos nacionais, pero a tendencia nos últimos anos é a de nivelarse.

Outra dimensión importante de calquera economía é a balanza de pagos. Os resultados indican que Galicia importou, en xeral, máis produtos culturais en 2007 dos que exportou, aínda que con matices; por exemplo, exportamos máis producións editoriais das que importamos e, pola contra, importamos proporcionalmente moitos máis obxectos de arte dos exportados.

Por provincias, A Coruña amósase como a maior exportadora de produtos culturais e Pontevedra, a que máis importa. Durante os últimos 7 anos, as exportacións superaron as importacións en 2002 e 2006.



Por áreas e países, Galicia importa produtos culturais da UE, EE UU e China, entre outros. A diferenza entre as importacións e as exportacións con América Latina dá un saldo positivo para a nosa comunidade. A maior parte dos intercambios faise cos países da OCDE.



Outro dos factores determinantes para comprender a dimensión económica da cultura ten que ver co gasto cultural dos consumidores. En 2007, representaba máis de 800 millóns de euros no conxunto de Galicia, case o triplo do que gastaron en cultura as administracións locais (incluíndo as deputacións provinciais) e a Xunta de Galicia no mesmo período.

**Gasto cultural dos consumidores en Galicia, 2006-2007**  
Millons de Euros

	2006	2007
Libros non de texto	84,6	88,7
Publicacións periódicas	117,4	125,9
Espectáculos	64,2	73,1
Servizos culturais: outros	132,0	143,3
Equipamento e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos	103,5	117,6
Tratamento da información e Internet	166,7	192,1
Soporte para rexistro de imaxe, son e datos	59,9	40,6
Outros bens e servizos: outros	24,8	21,6
<b>TOTAL</b>	<b>753,1</b>	<b>802,9</b>

Como podemos ver, a maioría dos produtos e servizos adquiridos crecen durante o período de referencia que mostramos, particularmente servizos culturais e equipamento, e caen máis acusadamente os soportes para gravación.

O último indicador clave é o gasto público liquidado en cultura polas administracións do Estado, da Xunta de Galicia e das administracións locais. En xeral, pódese dicir que o gasto da Xunta de Galicia foise incrementando progresivamente no período 2000-2005. Destaca o feito de que no ano 2003 o incremento fose do 28,4% con respecto a 2002 e que no ano 2005 diminuíu lixeiramente con respecto a 2004. Nos sectores en que máis aumentou o gasto no ano 2006 foron en artes escénicas e musicais (45,8%), malia que a partida que máis se incrementa é a relativa a administración e servizos xerais. Por outra banda, outro dato interesante refírese ao gasto liquidado en cultura por habitante polas distintas administracións. Cómpre salientar que o gasto realizado pola Xunta de Galicia é moi superior ao gasto da Administración xeral do Estado,

concretamente unha media de 29,2 euros por persoa en 2005. Con respecto a outras comunidades autónomas, Galicia ocupa o sétimo lugar en gasto liquidado en cultura por habitante, por riba doutras comunidades autónomas como Andalucía, Comunidade de Madrid, Cataluña ou o País Vasco. Hai que salientar a escasa marxe de manobra dos concellos, que malia teren unha gran cantidade de competencias en materia cultural e un peso moi alto na porcentaxe liquidada en cultura sobre o total liquidado, deben destinar unha parte importante do seu orzamento a gastos correntes, mentres que outras administracións con gran capacidade de gasto poden destinar unha proporción inversa a gastos de capital. O montante do gasto público entre Xunta e entidades locais (concellos e deputacións) ascende a 310 millóns de euros, sen contar co efecto á baixa que poden ter as transferencias de capital interadministrativas.

Nos vindeiros capítulos pretendemos ofrecer unha panorámica sobre a situación da actividade privada do ámbito. Despois da contextualización do sistema produtivo da cultura en Galicia realizada no primeiro capítulo, destacando o importante papel que desempeñan estas empresas no desenvolvemento da nosa economía, no capítulo segundo ofrécese unha completa análise global económica e financeira das empresas que configuran a mostra, no período 2005-2007, estudando indicadores económicos tales como a xeración de ingresos e valor engadido, a rendibilidade económica e financeira. Ademais analízase con detalle a evolución do emprego e da produtividade. No terceiro capítulo expónse información máis específica dos sectores que configuran o sistema produtivo. O cuarto capítulo, a través dunha análise territorial, ofrécenos unha visión da distribución por provincias e comarcas do valor engadido xerado polas empresas da cultura. No quinto capítulo resaltamos aquelas empresas da cultura que destacan polos esforzos realizados en diversos aspectos da xestión (alta rendibilidade, elevado crecemento dos ingresos, alta produtividade e xeración de riqueza) no período de referencia. Finalmente, o sexto capítulo amosa unha visión de futuro das empresas da cultura en Galicia.



**Capítulo II**  
**ESTUDO GLOBAL DAS EMPRESAS DO SISTEMA  
PRODUTIVO DA CULTURA EN GALICIA**



## 2.1. Metodoloxía

### *Obxectivo*

O obxectivo desta análise é ofrecer unha perspectiva económica do sistema produtivo da cultura, coñecer a contribución das empresas deste sistema produtivo ao valor engadido de Galicia e facer un seguimento da súa evolución.

### *Liñas metodolóxicas*

Coméntanse a continuación as directrices que se tiveron en conta para elaborar esta publicación: as fontes de información, o período de referencia e o ámbito sectorial.

En relación ás fontes de información, os datos obtéñense do servizo de información ARDÁN, que utiliza as mellores fontes (Rexistro Mercantil, as empresas certificadoras, as propias empresas -concretamente para datos identificativos-, etc.). ARDÁN dispón de información de máis de 80.000 empresas de España, das que 21.000 son galegas, con máis de 500 datos por empresa e ano. ARDÁN utiliza sofisticados sistemas de control que permiten garantir altos niveis de fiabilidade nos datos que se achegan.

En particular, as case 900 empresas da cultura ás que se refire este estudo posúen unha estrutura basicamente societaria e representan na súa totalidade o conxunto de empresas do sistema produtivo da cultura máis importantes con sede social en Galicia.

A metodoloxía que se seguiu considera os seguintes criterios en canto ao tratamento das mostras:

**Coherencia:** na presentación dos datos por parte das empresas, que deben estar axustados á lexislación e normativa contable. Na captación, establecendo controis de erros e valores estraños e no tratamento en estados financeiros homologados.

**Homoxeneidade:** selección dunha mostra que afecta practicamente ao conxunto das sociedades da cultura con sede social en Galicia e no tratamento dun mesmo conxunto de empresas ano a ano. O período de referencia da información corresponde ao trienio 2005-2007, se ben para algúns indicadores se ampliou para o período 2001-2007. A mostra homoxénea final para o período 2005-2007 queda configurada por 725 empresas.

En canto á delimitación do ámbito sectorial tivéronse en conta os traballos metodolóxicos desenvolvidos pola Unión Europea e o Ministerio de Cultura<sup>12</sup>. Sobre esta base, establecéronse correspondencias entre as clasificacións oficiais, tales como a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93), a Standard Industrial Classification (SIC-87) e o Sistema de Clasificación Industrial de América do Norte (NAICS-97).

Finalmente, o sistema produtivo da cultura en Galicia queda configurado polos seguintes sectores:

---

<sup>12</sup> A diferenza do marco da UE, inclúíronse as actividades de reprodución ligadas a produtos culturais (artes gráficas, reprodución de rexistros sonoros, etc.) e a fabricación de instrumentos musicais, actividades que incorpora o Ministerio de Cultura na súa delimitación do Sistema Produtivo da Cultura.

## CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DO SECTOR PRODUTIVO DA CULTURA GALEGA

### I CREACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL

\* SIC \*\* NAICS

CNAE

9231 Creación de interpretación artística e literaria

### II PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS

#### EDICIÓN

2211 Edición de libros  
2212 Edición de periódicos  
2213 Edición de revistas  
2215 Outras actividades de edición  
\* 2741 Publicacións diversas SC  
2214 Edición de soportes de son gravado

#### FOTOGRAFÍA

7481 Actividades de fotografía

#### CINEMATOGRAFÍA E VIDEO

9211 Producción cinematográfica e de vídeo

#### RADIO E TELEVISIÓN

9220 Actividades de radio e televisión

#### OUTRAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E DE ESPECTÁCULOS

9240 Actividades de axencias de noticias  
9250 Activ. de bibliotecas, arquivos, museos e outras inst. culturais  
9251 Actividades de bibliotecas e arquivos  
9252 Activ. museos e conservación lugares e edificios históricos

### III FABRICACIÓN DE BENS CULTURAIS

2220 Artes gráficas e activ. de serv. relacionados con elas  
2221 Impresión de xornais  
2222 Outras actividades de impresión  
2223 Encadernación e acabado  
2224 Composición e fotogravado  
2231 Reprodución de soportes de son gravado  
2232 Reprodución de soportes de vídeo gravado

### IV DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS

5247 Comercio polo miúdo de libros, xornais e papelaría  
\*\* 45121 Provedores de libros e prensa  
\* 8411 Museos e galerías de arte (-) 9252  
\*\* 53223 Aluguer de cintas de vídeo e discos  
9212 Distribución de películas  
9213 Exhibición de películas  
9232 Xestión de salas de espectáculos

### V ACTIVIDADES AUXILIARES Á CULTURA

3230 Fabric. aparatos de recepc., gravac. e reproduc. son e imax.  
3630 Fabricación de instrumentos musicais  
2464 Fabric. material fotográfico virxe prep. químicos para fotogr.  
2465 Fabricación de soportes virxes para gravación  
3340 Fabric. de instrumentos de óptica e de equipo fotográfico  
\* (-) 3832 Instrumentos ópticos e lentes  
\* 5732 Aparatos de radio e televisión  
\* 5733 Instr. equipos music., discos  
5143 Comerc. almacenista aparatos electrodom. e aparat. radio e telev.  
\* 5043 Material fotográfico  
\* 5946 Cámaras e subministracións fotográficas  
\*\* 42211 Almacenistas de papel para impresión e escritura  
\*\* 32591 Fabricación de tinta para impresión  
\*\* 322122 Fábricas de papel de xornal

## 2.2. Evolución económica e financeira

Tras as reflexións anteriores, estudaremos a evolución económica e financeira das empresas da cultura dende unha perspectiva global. É dicir, analizaremos o comportamento das empresas como un conxunto.

O estudo estruturouse en catro bloques tendo en conta a súa evolución no período 2005-2007:

- Os ingresos, custos e resultados: recóllense a evolución dos ingresos, os custos principais e as partidas de resultados máis significativas.
- O investimento e o financiamento: con particular atención ás fontes de financiamento máis importantes como son os recursos propios e os recursos alleos. Por outra parte, inclúense as partidas que definen o investimento.
- A rendibilidade: neste apartado, a atención centrouse tanto na rendibilidade económica como na rendibilidade financeira. Nun e noutro caso incluíronse aquelas variables que en boa medida as explican.
- O emprego: no que se realiza un estudo da distribución das empresas segundo o número de traballadores, o emprego medio por empresa, a produtividade do traballo e a xeración de emprego nas empresas da cultura no período de estudo.

Para algunhas variables significativas farase unha análise comparativa coa empresa media galega. Neste caso utilízase unha mostra homoxénea de 19.455 empresas con sede social en Galicia que abrangue todos os sistemas produtivos da nosa comunidade autónoma.

No caso das taxas de crecemento dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto, así como as rendibilidades económica e financeira obtidas polas empresas da cultura analizaranse graficamente os valores durante un período de tempo que vai dende o ano 2001 ata o ano 2007.

### 2.2.1. Evolución dos ingresos, custos e resultados

A conta de resultados agregada da mostra de 725 empresas comúns de 2005 a 2007 indica a evolución das magnitudes máis representativas en canto a ingresos, custos e resultados. As taxas de variación para cada unha das variables estudadas corresponde ao valor da media agregada.

Dada a influencia que ten a empresa pública Televisión de Galicia, S.A. nos resultados dados pola mostra distinguimos, para cada epígrafe, os agregados con e sen esta empresa.


### Ingresos, custos e resultados, 2005-2007

725 empresas do sector produtivo da cultura en Galicia

millóns de euros	2005		2006		2007		Taxas de variación	
		%		%		%	2005-2006	2006-2007
Ingresos de explotación	1.037,33	100,00%	1.133,50	100,00%	1.197,78	100,00%	9,27%	5,67%
Sen Televisión de Galicia	1.006,88	100,00%	1.109,54	100,00%	1.173,86	100,00%	10,20%	5,80%
Consumos e outros gastos de explotación	816,91	78,75%	867,16	76,50%	916,43	76,51%	6,15%	5,68%
Sen Televisión de Galicia	721,22	71,63%	798,43	71,96%	841,02	71,65%	10,71%	5,33%
Valor engadido bruto a custo dos factores	220,42	21,25%	266,35	23,50%	281,36	23,49%	20,84%	5,64%
Sen Televisión de Galicia	285,66	28,37%	311,12	28,04%	332,85	28,35%	8,91%	6,98%
Gastos de persoal	222,19	21,42%	242,05	21,35%	258,09	21,55%	8,94%	6,63%
Sen Televisión de Galicia	200,28	19,89%	214,21	19,31%	228,63	19,48%	6,96%	6,73%
Resultado económico bruto explot. (EBITDA)	-1,77	-0,17%	24,30	2,14%	23,27	1,94%	—	-4,23%
Sen Televisión de Galicia	85,38	8,48%	96,90	8,73%	104,21	8,88%	13,50%	7,54%
Resultado económico neto explot. (EBIT)	-42,73	-4,12%	-20,55	-1,81%	-27,47	-2,29%	51,90%	-33,66%
Sen Televisión de Galicia	47,25	4,69%	55,09	4,97%	56,54	4,82%	16,59%	2,64%
Resultado actividades ordinarias	-51,98	-5,01%	-31,21	-2,75%	-40,27	-3,36%	39,96%	-29,05%
Sen Televisión de Galicia	37,92	3,77%	44,54	4,01%	43,85	3,74%	17,45%	-1,55%
Resultado neto do exercicio	-48,75	-4,70%	-48,08	-4,24%	-58,37	-4,87%	1,37%	-21,39%
Sen Televisión de Galicia	23,60	2,34%	29,92	2,70%	26,10	2,22%	26,77%	-12,76%

(%) valores calculados sobre os ingresos de explotación

Os valores dos gráficos corresponden á mostra sen Televisión de Galicia



### Feitos e elementos máis relevantes dos ingresos, custos e resultados para a mostra agregada

#### Ingresos

Prodúcese no período 2005-2007 un incremento importante nos ingresos de explotación xerados pola mostra de empresas e acádanse unhas taxas de crecemento de 9,27% para o ano 2006 e de 5,67% para o 2007.

#### Consumos

Se analizamos as variacións na partida de consumos e outros gastos de explotación, as taxas reflicten, para o período 2006-2007, un crecemento parello aos ingresos de explotación e situáanse no 5,68%.

#### Valor engadido

O valor engadido bruto a custo dos factores mantivo un perfil crecente no período analizado; con todo, presentou sinais de desaceleración en 2007 e acadou unha taxa do 5,64%. Convén destacar que, sen ter en conta o efecto da Televisión de Galicia, a taxa de variación para o ano 2007 do valor engadido é dun 6,98%, por riba da dos ingresos de explotación, que neste caso é dun 5,80%.

#### Resultado económico bruto de explotación

Esta partida presenta grandes fluctuacións no período analizado. Se non temos en conta o efecto da Televisión de Galicia os resultados son máis moderados, presentan taxas de variación crecentes no período dun 13,50% para 2006 e dun 7,54% para 2007.

#### Resultado neto

A conta de perdas e ganancias agregada presentou para os dous anos estudados resultados negativos no caso da mostra completa. Se analizamos a mostra sen o efecto da Televisión de Galicia, os resultados son positivos, crecen un 26,77% no ano 2006 e decrecen un 12,76% no ano 2007.

### Análise por tamaño das empresas

<b>Distribución das empresas por tamaños, 2007</b>			
	% Empresas	% Ingresos de explotación	% Valor engadido bruto (cf)
Pequena empresa	97,10%	95,53%	95,61%
■ Microempresa	86,48%	70,71%	92,24%
Mediana empresa	2,62%	4,02%	4,00%
Grande empresa	0,28%	0,46%	0,39%

A grande empresa xera uns ingresos superiores a 50 millóns de euros, na mediana empresa estes sitúanse entre 10 e 50 millóns de euros, e a pequena empresa rexistra uns ingresos inferiores a 10 millóns de euros. Dentro deste último grupo considérase o subgrupo microempresa cando presenta un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Todas as porcentaxes están calculadas sobre a mostra total da cultura

Na clasificación das empresas segundo o seu tamaño convén destacar que o sistema produtivo está fortemente atomizado debido á reducida dimensión empresarial da maioría das empresas. Un 97,10% poden considerarse pequenas empresas e un 86,48% son microempresas.

Se estudamos agora como se distribúen tanto os ingresos como o valor engadido nas empresas da cultura atendendo ao tamaño, pódese observar que o 95,53% dos ingresos e o 95,61% do valor engadido é xerado por pequenas empresas. As microempresas xeran un 92,24% do valor engadido, co 70,71% dos ingresos do sistema produtivo.

#### Importancia do sistema produtivo da cultura en Galicia

No seguinte cadro analizaremos o peso do sector das empresas culturais sobre o total da mostra de empresas galegas (19.455).

No caso dos ingresos de explotación prodúcese un lixeiro decrecemento nos anos 2005, 2006 e 2007, alcanzan valores de 1,72%, 1,66% e 1,55%, respectivamente. O peso do valor engadido bruto para a mostra analizada acada cotas superiores ás dos ingresos de explotación. No período 2005-2006 a mostra amosa crecemento (do 1,73% ao 1,86%). O ano 2007 vén marcado por un descenso, que sitúa o peso das empresas da cultura nun 1,76% sobre o total da mostra de Galicia.

<b>Contribución das empresas da cultura en Galicia</b>			
	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	1,72%	1,66%	1,55%
Sen Televisión de Galicia	1,67%	1,62%	1,51%
Valor engadido bruto (cf)	1,73%	1,86%	1,76%
Sen Televisión de Galicia	2,25%	2,17%	2,08%

Os datos corresponden a unha mostra de 19.455 empresas de Galicia


Se analizamos os datos sen ter en conta a Televisión de Galicia, que presenta un valor engadido bruto negativo para os tres anos representados, a contribución en Galicia das empresas da cultura supón máis dun 2% nos tres anos.

#### Evolución das taxas de crecemento

No seguinte gráfico recolleemos, para un período que abarca dende o ano 2001 ata o ano 2007, as taxas de crecemento dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto da mostra a través dos valores das medianas.

Apréciase unha desaceleración no crecemento de ambas as variables a partir do ano 2001 e ata o ano 2005, cando aparece un cambio de tendencia marcado sobre todo por un reforzo substancial na taxa de crecemento do valor engadido bruto, que acada subidas de 3,29 puntos porcentuais no período 2005-2006 e de 1,73 puntos no período 2006-2007.





**Comparativa coa empresa media galega**


Facemos agora unha análise comparativa das taxas de crecemento dalgunhas variables relacionadas cos resultados que obteñen por termo medio as empresas do sistema produtivo da cultura e as empresas galegas en conxunto.

Cómpre destacar que por termo medio as empresas da cultura amosan taxas de crecemento no período 2006-2007 máis altas que as empresas galegas en variables como os ingresos de explotación, valor engadido bruto e resultado neto do exercicio. No caso do resultado neto do exercicio os diferenciais acadan aproximadamente dous puntos porcentuais.



### Peso sobre os ingresos de explotación

A continuación analizamos o peso específico das variables resultado de explotación, gastos de persoal e valor engadido bruto sobre os ingresos de explotación.




Apréciase unha baixada no peso dos gastos de persoal sobre os ingresos no ano 2007 respecto ao ano 2006, que pasan de ocupar un 25,44% a un 24,28%. No caso do resultado de explotación sobre a porcentaxe, dun 2,35% a un 2,88% dos ingresos de explotación do exercicio. A relación do valor engadido bruto sobre os ingresos baixa dun 34,07% no ano 2006 a un 33,61% no ano 2007.


### 2.2.2. Evolución do investimento e financiamento

O balance agregado das 725 empresas da mostra do sistema produtivo da cultura en Galicia dá os seguintes resultados:

Investimento, 2005-2007								
725 empresas do sector produtivo da cultura en Galicia								
millóns de euros	2005	%	2006	%	2007	%	Taxas de variación	
							2005-2006	
							2006-2007	
<b>Investimento total</b>	938,96	100%	1.044,30	100%	1.105,41	100%	11,22%	5,85%
<b>Investimento en fixo (neto)</b>	343,56	36,59%	382,00	36,58%	409,53	37,05%	11,19%	7,21%
Gastos amortizables	6,93	0,74%	6,37	0,61%	5,09	0,46%	-8,02%	-20,09%
Inmobilizado inmaterial	68,72	7,32%	70,33	6,73%	75,90	6,87%	2,34%	7,93%
Inmobilizado material	213,85	22,78%	235,74	22,57%	254,36	23,01%	10,23%	7,90%
Outro inmovilizado	52,95	5,64%	68,51	6,56%	73,13	6,62%	29,38%	6,74%
Outro activo fixo	1,11	0,12%	1,05	0,10%	1,04	0,09%	-5,50%	-0,57%
<b>Investimento en circulante (neto)</b>	595,40	63,41%	662,30	63,42%	695,88	62,95%	11,24%	5,07%
Existencias	151,15	16,10%	179,31	17,17%	190,48	17,23%	18,63%	6,23%
Debedores	366,47	39,03%	401,41	38,44%	419,85	37,98%	9,53%	4,59%
Tesourería	57,61	6,13%	59,04	5,65%	56,41	5,10%	2,49%	-4,45%
Outro activo circulante	20,17	2,15%	22,54	2,16%	29,15	2,64%	11,72%	29,34%

(%) valores calculados sobre o total do investimento





### Feitos e elementos máis relevantes en investimento e financiamento para a mostra agregada

#### Investimento en fixo

Rexístrase un crecemento para os anos analizados, aínda que se percibe unha desaceleración; pasa a taxa de variación dun 11,19% no período 2005-2006 a un 7,21% no 2007. Cómpre destacar o bo comportamento do inmovilizado inmaterial, ligado aos activos intanxibles da empresa e en último termo ás vantaxes competitivas, que crece primeiro un 2,34% e un 7,93% no ano 2007.

O inmovilizado material reduce sensiblemente o seu crecemento, pasa dun 10,23% no período 2005-2006 ao 7,90% de taxa de variación no ano 2007.

#### Investimento en circulante

O investimento en circulante manifesta un comportamento similar ao fixo, redúcese sensiblemente a taxa de crecemento, que no ano 2007 acada o 5,07%.

As existencias, que no ano 2006 creceran un 18,63%, pasan no ano 2007 a alcanzar unha taxa de crecemento do 6,23%.

Os debedores aumentan no período 2006-2007 un 4,59%.

A tesourería acada en 2007 un crecemento negativo do 4,45%.

#### Financiamento permanente

O período vén marcado por unha importante desaceleración no crecemento do financiamento permanente. Os fondos propios medraron un 15,54% durante o ano 2006, porén en 2007 a taxa de variación foi do 11,99%. Máis acusada foi a situación do financiamento alleo a longo prazo, que pasa de crecer un 17,84% no período 2005-2006 a un 3,77% en 2007.

#### Financiamento alleo a curto prazo

Moderada desaceleración do financiamento alleo a curto prazo, que rexistra taxas de crecemento dun 6,73% para o ano 2006 e dun 3,25% para o ano 2007.

#### Fondo de rotación


O fondo de rotación, que experimenta un notable incremento no ano 2006 (35,22%), sofre no seguinte período unha forte caída na taxa de variación e pasa a un 12,74%.

### 2.2.3. Evolución da rendibilidade e magnitudes asociadas

#### a) Rendibilidade económica

A rendibilidade económica ou do investimento é unha medida da capacidade dos activos das empresas para xerar valor, con independencia de como foron financiados, polo tanto é un bo indicador da eficiencia na xestión empresarial.

Analizamos a evolución da rendibilidade económica para a mostra das 725 empresas da cultura de Galicia. Os valores amosados corresponden ás medianas para a rendibilidade económica, a marxe de explotación, rotación de activos e rotación de existencias.




Entres os aspectos máis relevantes relativos á rendibilidade económica destaca a constante melloría dos valores nos tres anos obxecto de estudo. No ano 2006 prodúcese un aumento na rendibilidade de 0,25 puntos porcentuais; no caso do ano 2007 a variación supuxo unha mellora de 0,7 puntos porcentuais.

A variación do 2005-2006 susténtase principalmente por unha melloría na rotación dos activos, no caso do 2006-2007 existe unha subida da marxe que propiciou un incremento na rendibilidade xa que a rotación dos activos mantívose constante no período.

#### Comparativa coa empresa media galega

Se analizamos o comportamento das medianas da rendibilidade, da marxe e da rotación de activos para a mostra de empresas de Galicia e se as comparamos cos resultados obtidos para a mostra de empresas da cultura pódese deducir que presentan, en xeral, peores parámetros que a empresa media galega.


Con todo dedúcese, a través do cadro evolutivo amosado na seguinte páxina, que as empresas da cultura achegan posicións ás da empresa media galega, sobre todo no último ano, en que se produce unha mellora na marxe de explotación, que chega practicamente a igualarse, e na rotación de activos, que en Galicia baixa e nas empresas da cultura mantense constante.



## b) Rendibilidade financeira

A rendibilidade financeira ou dos fondos propios é unha medida do rendemento obtido polos capitais propios, é, polo tanto, un concepto de rendibilidade final que está determinada tanto polos factores incluídos na rendibilidade económica como pola estrutura financeira.

Ademais dos resultados para a rendibilidade financeira analizaremos o custo neto da débeda e o coeficiente de endebedamento.




No ano 2005 a rendibilidade financeira das empresas da cultura acadou un 6,92%, en 2006 rexístrase unha lixeira baixada ata o 6,83% para subir outra vez ata o 7,71% no ano 2007.

Respecto ao custo neto da débeda, preséntase unha subida paulatina ao longo do período, pasa dun 1,47% en 2005 a un 1,59% en 2006 e un 1,87 en 2007.

O coeficiente de endebedamento das empresas baixa e rexistra uns valores de 2,35 en 2005, 2,29 en 2006 e 2,20 en 2007.

En 2007 obsérvase un apancamento positivo ou amplificador (e superior ao de 2006), é dicir, o efecto panca que as débedas exercen sobre a rendibilidade financeira é positivo.


#### Comparativa coa empresa media galega



Por termo medio (utilizando a mediana da mostra) a empresa media galega obtén unha rendibilidade financeira superior á empresa da cultura, dándose uns diferenciais de arredor de 2 puntos porcentuais. Porén, as posicións achéganse no ano 2007, o mesmo que sucede coa rendibilidade económica.

#### c) Evolución da rendibilidade


No seguinte gráfico reflectimos para o período de tempo comprendido entre 2001 e 2007 os valores da rendibilidade económica e financeira. Pódese apreciar unha mellora progresiva de 2001 a 2003-2004, un empeoramento substancial no ano 2005, e dende o ano 2006 unha mellora progresiva dos rateos.



## 2.3. Análise do emprego

### 2.3.1. Estrutura do emprego

Na seguinte táboa reflíctese a distribución do emprego por número de empresas e empregados<sup>13</sup>.




<sup>13</sup> Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos aos que se refire o estudo, ofrecían certo grao de coherencia (é dicir, na relación Gastos de persoal/Nº. empregados rexéitábase aqueles valores que non resulten fiables). A mostra final, despois da depuración, consta de 606 empresas para o período de análise (incluída a Televisión de Galicia).

No ano 2007 o grupo máis numeroso de empresas segundo o seu rango de empregados corresponde ás que teñen de 3 a 5 empregados (27,89%), as empresas con 1 ou 2 empregados supoñen o 23,10% da mostra, o 20,13% das empresas pertencen a un rango de 6 a 9, o 15,84% teñen de 10 a 19 e o 13,04% contan con máis de 20 empregados.


Atendendo á distribución dos empregos segundo o rango de empregados das empresas, tamén no ano 2007 pode observarse que o 64,72% dos empregos da mostra pertence a empresas con máis de 20 empregados. As empresas de 1 a 2 e de 3 a 5 empregados xeran soamente o 2,74% e o 7,39% do emprego, respectivamente.

O emprego medio, calculado como a relación entre o número de empregados totais e o número de empresas que presentan este dato, experimentou un crecemento progresivo no período de análise, que abrangue de 2005 a 2007, sendo no ano 2007 de 14,07 empregados por termo medio.



### 2.3.2. Produtividade do emprego

Analizamos deseguido algunhas variables relacionadas coa produtividade do emprego. Os datos corresponden co valor central da mostra de 606 empresas da cultura en Galicia.




Os ingresos de explotación por empregado creceron no período 2006-2007 un 5,59%, a un ritmo superior ao do período anterior, que foi do 4,71%.

O valor engadido bruto por empregado tamén reflicte taxas de crecemento positivas nos dous períodos analizados, aínda que se percibe certa desaceleración no crecemento, que pasa dun 6,83% a un 5,08%.

No caso do custo medio do emprego, a taxa de variación para o ano 2006 foi de 6,26% e de 3,75% para 2007.



**Comparativa coa empresa media galega**



O crecemento dos ingresos de explotación por empregado en 2007 para a media das empresas galegas está lixeiramente por debaixo do valor para as empresas da cultura. No caso do valor engadido bruto é na mostra da cultura onde as posicións son relativamente máis baixas na taxa de variación. O crecemento do custo medio do emprego presenta un diferencial de case un punto por debaixo nas empresas da cultura respecto á empresa galega.

**2.3.3. A xeración de emprego nas empresas**

Neste apartado analizamos como crece o emprego nas empresas da cultura en Galicia, e nun maior detalle nos sectores que conforman o sistema produtivo da cultura en Galicia.

**Xeración de emprego**

	2005	2006	2007	Taxas de variación	
				2005-2006	2006-2007
Nº. de Emplados	7.916	8.337	8.529	<b>5,32%</b>	<b>2,30%</b>
	2005 → 2007				
		<b>7,74%</b>			


**Contribución das empresas da cultura no emprego de Galicia**

	2005	2006	2007
% do emprego de Galicia	<b>2,50%</b>	<b>2,51%</b>	<b>2,47%</b>

Os datos corresponden a unha mostra de 16.188 empresas de Galicia


Nas mostra de empresas analizada prodúcese un aumento do 7,74% nos postos de traballo xerados. Este crecemento supón un 5,32% no período 2005-2006 e un 2,30% no 2006-2007.

Segundo a mostra de empresas analizadas de Galicia, o peso do sistema produtivo da cultura supuxo un 2,50% dos postos de traballo no ano 2005, un 2,51% no ano 2006 e un 2,47% no ano 2007.



O emprego xerado polas empresas da mostra da cultura distribúese entre os seus sectores do seguinte xeito: 48,66% na produción de bens e servizos culturais, 23,98% na fabricación de bens culturais, o 16,57% corresponde ás actividades auxiliares da cultura, o 9,85% para a distribución e difusión de bens e servizos culturais e o 0,95% para a creación artística e cultural.

No seguinte gráfico analízase o crecemento dos sectores para o ano 2007.



Os sectores que presentan maiores taxas de crecemento do emprego no ano 2007 son a produción de bens e servizos culturais (14,08%) e a fabricación de bens culturais (4,90%).

**Capítulo III**  
**ESTUDO SETORIAL**



### 3.1. Os sectores do sistema produtivo da cultura en Galicia

#### 3.1.1. A clasificación sectorial

Como xa se comentou no apartado 2.1. Metodoloxía, para a delimitación do ámbito sectorial establecéronse correspondencias entre a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93), a Standard Industrial Classification (SIC-87) e o Sistema de Clasificación Industrial de América do Norte (NAICS-97).

Os sectores que finalmente se analizarán neste informe son:

- Creación artística e cultural
- Produción de bens e servizos culturais
  - Edición
  - Fotografía
  - Cinematografía e vídeo
  - Radio e televisión
  - Outras actividades artísticas e de espectáculos
- Fabricación de bens culturais
- Distribución e difusión de bens e servizos culturais
- Actividades auxiliares á cultura

O detalle de como se configuran cada un destes sectores aparece no apartado 2.1. Metodoloxía.

Neste informe da empresa da cultura preséntase unha perspectiva económica dos sectores principais e no caso que proceda, como no sector de produción de bens e servizos culturais, un detalle dos subsectores que o configuran.

#### 3.1.2. Os sectores máis importantes da cultura

Na seguinte táboa recóllense para o ano 2007 os datos relativos á facturación e creación de valor para a mostra de empresas da cultura segundo os diferentes sectores. Debido á distorsión nos resultados da Televisión de Galicia non se ten en conta esta empresa para os cálculos das variables.

O grupo máis numeroso corresponde coa fabricación de bens culturais (35,22%), que xera o 17,04% dos ingresos de explotación e o 21,60% do valor engadido bruto.

Un 25,83% das empresas dedícanse á produción de bens e servizos culturais e xeran o 28,89% dos ingresos de explotación e o 48,04% do valor engadido bruto.

No terceiro lugar están as empresas dedicadas á distribución e difusión de bens e servizos culturais, que agrupan o 19,48% das empresas, o 7,67% dos ingresos de explotación e o 5,52% do valor engadido bruto.

O caso das actividades auxiliares á cultura supón o 17,54% das empresas, o 45,72% dos ingresos e o 23,84% do valor engadido.

Por último, a creación artística, que posúe soamente o 1,93% das empresas, acada o 0,68% dos ingresos de explotación e o 0,99% do valor engadido bruto.

Se estudamos con maior detalle o sector da produción de bens e servizos, o subsector máis importante é o de edición, que agrupa o 9,12% das empresas e xera o 31,85% do valor engadido bruto co 19,39% dos ingresos de explotación.

<b>Sectores do sistema produtivo da cultura</b>						
Sen Televisión de Galicia Millóns de euros						
	Nº. de empresas	%	2007			
			Ingresos de explotación	%	Valor engadido bruto (cf)	%
■ Creación artística e cultural	14	1,93%	7,97	0,68%	3,31	0,99%
■ Produción de bens e servizos culturais	187	25,83%	339,16	28,89%	159,91	48,04%
■ Edición	66	9,12%	227,56	19,39%	106,34	31,95%
■ Fotografía	33	4,56%	12,41	1,06%	4,10	1,23%
■ Cinematografía e vídeo	53	7,32%	73,38	6,25%	35,77	10,75%
■ Radio e televisión	29	4,01%	23,46	2,00%	11,91	3,58%
■ Outras actividades artísticas e de espectáculos	6	0,83%	2,35	0,20%	1,78	0,53%
■ Fabricación de bens culturais	255	35,22%	200,02	17,04%	71,91	21,60%
■ Distribución e difusión de bens e servizos culturais	141	19,48%	90,05	7,67%	18,37	5,52%
■ Actividades auxiliares á cultura	127	17,54%	536,67	45,72%	79,36	23,84%

### 3.1.3. Radiografía económica e financeira dos sectores da cultura

Nas seguintes páxinas preséntase un estudo económico detallado dos sectores do sistema produtivo da cultura en Galicia.

A radiografía sectorial divídese nos seguintes apartados:

- Actividade. Onde se reflicte o crecemento dos ingresos, o valor engadido bruto entre ingresos e o *cash-flow* entre ingresos.
- Emprego. As variables representadas son os ingresos de explotación por empregado, o custo medio do emprego e o valor engadido bruto por empregado.
- Rendibilidade. Analízase a rendibilidade económica ou do negocio e a financeira ou do accionista.

Os valores que se ofrecen do sector para os anos 2005, 2006 e 2007 corresponden á mediana ou valor central da mostra de empresas do sector. Na columna adxacente pódese observar a posición relativa do sector con respecto aos valores obtidos polas empresas do sistema produtivo da cultura en conxunto.

O sector correspondente á produción de bens e servizos desagregárase tamén en 4 subsectores: edición, fotografía, cinematografía e vídeo, e radio e televisión.

**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
CREACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 14

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	5,40	6,65	7,97
Valor engadido bruto (cf)	2,68	3,01	3,31

millóns de euros

Actividade	Mediana do sector				* Media cultura 2007 (mediana)
	2005	2006	2007		
Crecedemento dos ingresos explotación	2,04%	5,78%	13,27%	▲	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	58,37%	45,45%	54,50%	▲	33,61%
Cash-flow / ingresos	4,67%	11,89%	2,87%	▼	4,97%

Emprego (unidades de euro)					
Ingresos explotación / empregado	62.136	51.867	74.700	▼	82.654
Custo medio do emprego	25.645	22.439	28.362	▼	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	25.832	30.155	35.162	▲	25.398


  

Rendibilidade					
Rendibilidade económica	0,86%	9,03%	3,20%	▼	4,29%
Rendibilidade financeira	22,88%	32,97%	16,33%	▲	7,71%

▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

A mediana é o valor central da mostra

- O valor engadido sobre ingresos diminúe en 2005-2006 de 58,37% a 45,45% e aumenta en 2006-2007, de 45,45% a 54,50%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 de 0,86% a 9,03% e decrece en 2006-2007 de 9,03% a 3,20%.
- O valor engadido bruto por empregado segue unha traxectoria ascendente en 2005-2007, alcanza 35.162 euros en 2007.
- O custo medio do emprego decrece en 2005-2006 un 12,50% e crece en 2006-2007 un 26,40%, de 22.439 a 28.362 euros.




**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 187

	2005	2006	2007	
Ingresos de explotación	307,83	313,31	339,16	
Valor engadido bruto (cf)	139,46	146,25	159,91	
millóns de euros				
	<b>Mediana do sector</b>			<b>* Media cultura</b>
Actividade	2005	2006	2007	2007 (mediana)
Crecedo dos ingresos explotación	2,04%	3,86%	5,34%	▼ 7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	43,73%	43,65%	43,78%	▲ 33,61%
Cash-flow / ingresos	6,01%	5,93%	7,54%	▲ 4,97%
<b>Emprego (unidades de euro)</b>				
Ingresos explotación / empregado	57.310	61.216	65.613	▼ 82.654
Custo medio do emprego	19.109	20.990	23.292	▼ 20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	25.499	27.098	29.513	▲ 25.398
<b>Rendibilidade</b>				
Rendibilidade económica	2,82%	3,41%	3,83%	▼ 4,29%
Rendibilidade financeira	4,41%	5,53%	7,63%	▼ 7,71%

A mediana é o valor central da mostra ▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

- O valor engadido sobre ingresos diminúe en 2005-2006 de 43,73% a 43,65% e aumenta en 2006-2007, de 43,65% a 43,78%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 pasando de 2,82% a 3,41%, e en 2006-2007 de 3,41% a 3,83%.
- O valor engadido bruto por empregado segue unha traxectoria ascendente en 2005-2007, alcanza 29.513 euros en 2007.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 9,84% e en 2006-2007 un 10,97%, de 20.990 a 23.292 euros.





**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS  
Actividade: EDICIÓN**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 66

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	214,35	218,01	227,56
Valor engadido bruto (cf)	94,14	100,44	106,34

millóns de euros

Actividade	Mediana do sector			* Media cultura	
	2005	2006	2007	2007 (mediana)	
Crecedo dos ingresos explotación	2,04%	5,19%	7,46%	▲	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	37,18%	37,04%	37,04%	▲	33,61%
Cash-flow / ingresos	4,52%	5,71%	5,16%	▲	4,97%


Emprego (unidades de euro)					
Ingresos explotación / empregado	78.288	86.750	98.806	▲	82.654
Custo medio do emprego	22.688	24.413	27.785	▼	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	25.967	30.641	33.185	▲	25.398


  

Rendibilidade					
Rendibilidade económica	3,77%	4,63%	5,36%	▲	4,29%
Rendibilidade financeira	8,26%	7,32%	10,22%	▲	7,71%

A mediana é o valor central da mostra ▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

- O valor engadido sobre ingresos diminúe en 2005-2006 pasando de 37,18% a 37,04% e en 2006-2007, de 37,04% a 37,04%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 pasando de 3,77% a 4,63%, e en 2006-2007 de 4,63% a 5,36%.
- O valor engadido bruto por empregado segue unha traxectoria ascendente en 2005-2007, alcanza 33.185 euros en 2007.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 7,60% e en 2006-2007 un 13,81%, de 24.413 a 27.785 euros.





**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS  
Actividade: CINEMATOGRAFÍA E VÍDEO**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 53

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	56,96	59,80	73,38
Valor engadido bruto (cf)	30,85	30,22	35,77

millóns de euros

Actividade	Mediana do sector				* Media cultura 2007 (mediana)
	2005	2006	2007		
Crecedo dos ingresos explotación	2,04%	7,32%	3,31%	▼	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	58,27%	47,79%	56,22%	▲	33,61%
Cash-flow / ingresos	12,51%	8,89%	11,43%	▲	4,97%


Emprego (unidades de euro)					
Ingresos explotación / empregado	53.929	47.402	50.022	▼	82.654
Custo medio do emprego	19.118	21.414	23.235	▼	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	35.676	34.634	36.192	▲	25.398


  

Rendibilidade					
Rendibilidade económica	2,13%	3,41%	4,26%	▼	4,29%
Rendibilidade financeira	4,27%	5,16%	7,07%	▼	7,71%

▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura  
A mediana é o valor central da mostra

- O valor engadido sobre ingresos diminúe en 2005-2006 de 58,27% a 47,79% e aumenta en 2006-2007, de 47,79% a 56,22%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 pasando de 2,13% a 3,41% e en 2006-2007 de 3,41% a 4,26%.
- O valor engadido bruto por empregado redúcese en 2005-2006, pero aumenta en 2006-2007, alcanza 36.192 euros.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 12,01% e en 2006-2007 un 8,50%, de 21.414 a 23.235 euros.





**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
FABRICACIÓN DE BENS CULTURAIIS**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 255

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	170,73	178,32	200,02
Valor engadido bruto (cf)	64,66	68,06	71,91

millóns de euros

Actividade	Mediana do sector			▲ ▼	* Media cultura
	2005	2006	2007		2007 (mediana)
Crecedo dos ingresos explotación	2,04%	6,26%	10,33%	▲	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	42,20%	42,72%	41,69%	▲	33,61%
Cash-flow / ingresos	6,69%	6,56%	6,93%	▲	4,97%

**Emprego (unidades de euro)**

	2005	2006	2007	▲ ▼	2007 (mediana)
Ingresos explotación / empregado	55.498	57.598	64.032	▼	82.654
Custo medio do emprego	18.785	20.119	20.206	▼	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	23.769	24.368	24.972	▼	25.398


**Rendibilidade**

	2005	2006	2007	▲ ▼	2007 (mediana)
Rendibilidade económica	4,11%	4,40%	5,28%	▲	4,29%
Rendibilidade financeira	6,79%	5,87%	7,60%	▼	7,71%

A mediana é o valor central da mostra

▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

- O valor engadido sobre ingresos aumenta en 2005-2006 de 42,20% a 42,72% e diminúe en 2006-2007, de 42,72% a 41,69%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 pasando de 4,11% a 4,40% e en 2006-2007 de 4,40% a 5,28%.
- O valor engadido bruto por empregado segue unha traxectoria ascendente en 2005-2007, alcanza 24.972 euros en 2007.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 7,10% e en 2006-2007 un 0,43%, de 20.119 a 20.206 euros.



### Sector do sistema produtivo da cultura galega: DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIIS

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 141

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	75,76	85,06	90,05
Valor engadido bruto (cf)	16,60	17,98	18,37


millóns de euros

Actividade	Mediana do sector			▼ ▲	* Media cultura 2007 (mediana)
	2005	2006	2007		
Crecedemento dos ingresos explotación	2,04%	1,63%	5,06%	▼	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	17,74%	18,08%	17,15%	▼	33,61%
Cash-flow / ingresos	2,54%	2,28%	2,61%	▼	4,97%
<b>Emprego (unidades de euro)</b>					
Ingresos explotación / empregado	92.219	100.664	105.075	▲	82.654
Custo medio do emprego	14.779	15.680	15.897	▲	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	18.043	18.228	19.161	▼	25.398
<b>Rendibilidade</b>					
Rendibilidade económica	2,49%	1,87%	2,44%	▼	4,29%
Rendibilidade financeira	6,63%	4,87%	4,97%	▼	7,71%

A mediana é o valor central da mostra

▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

- O valor engadido sobre ingresos aumenta en 2005-2006 de 17,74% a 18,08% e diminúe en 2006-2007, de 18,08% a 17,15%.
- A rendibilidade económica decrece en 2005-2006 de 2,49% a 1,87% e crece en 2006-2007 de 1,87% a 2,44%.
- O valor engadido bruto por empregado segue unha traxectoria ascendente en 2005-2007, alcanza 19.161 euros en 2007.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 6,10% e en 2006-2007 un 1,38%, de 15.680 a 15.897 euros.



**Sector do sistema produtivo da cultura galega:  
ACTIVIDADES AUXILIARES Á CULTURA**

N.º de empresas da mostra no período 2005-2007: 127

	2005	2006	2007
Ingresos de explotación	447,15	526,21	536,67
Valor engadido bruto (cf)	62,26	75,82	79,36


millóns de euros

Actividade	Mediana do sector				* Media cultura 2007 (mediana)
	2005	2006	2007		
Crecedemento dos ingresos explotación	2,04%	10,28%	2,97%	▼	7,06%
Valor engadido bruto (cf) / ingresos	15,23%	16,00%	17,02%	▼	33,61%
Cash-flow / ingresos	1,93%	1,99%	2,27%	▼	4,97%
<b>Emprego (unidades de euro)</b>					
Ingresos explotación / empregado	166.114	183.279	174.095	▲	82.654
Custo medio do emprego	18.722	20.861	21.276	▼	20.050
Valor engadido bruto (cf) / empregado	24.630	30.381	29.119	▲	25.398
<b>Rendibilidade</b>					
Rendibilidade económica	3,54%	3,74%	4,93%	▲	4,29%
Rendibilidade financeira	10,04%	11,50%	10,45%	▲	7,71%

A mediana é o valor central da mostra

▲ ▼ Indica se a variable ten un valor mellor ou peor no sector que na media da cultura

- O valor engadido sobre ingresos aumenta en 2005-2006 pasando de 15,23% a 16,00% e en 2006-2007, de 16,00% a 17,02%.
- A rendibilidade económica crece en 2005-2006 pasando de 3,54% a 3,74% e en 2006-2007 de 3,74% a 4,93%.
- O valor engadido bruto por empregado incrementábase en 2005-2006, pero diminúe en 2006-2007, alcanza 29.119 euros.
- O custo medio do emprego crece en 2005-2006 un 11,43% e en 2006-2007 un 1,99%, de 20.861 a 21.276 euros.



### 3.2. Comparativa con outros sistemas produtivos de Galicia

Nos seguintes gráficos amosaremos, para algunhas variables críticas, unha comparativa das empresas do sistema produtivo da cultura con outros sistemas produtivos relevantes de Galicia.

No caso das taxas de variación dos ingresos de explotación no ano 2007, as empresas culturais ocupan as mellores posicións. Soamente construción, industria auxiliar e actividades relacionadas coa saúde e asistencia social obteñen resultados superiores.

Se analizamos o crecemento do valor engadido bruto no período 2006-2007, o sector da cultura baixa á décima posición. Respecto ao sistema produtivo líder nesta variable (transportes e servizos asociados) o diferencial é de 2,51 puntos porcentuais por debaixo para as empresas da cultura.


No caso da rendibilidade económica do ano 2007 a cultura ocupa mellores posicións que as pertencentes a sistemas produtivos da madeira e mobles, agroalimentario, téxtil, confección e moda, e pesca. Se analizamos a rendibilidade financeira as empresas culturais seguen por diante dos sistemas produtivos anteriores e ademais obteñen mellores resultados que o sector de rochas ornamentais.

En relación ao rateo do valor engadido bruto entre ingresos de explotación, as empresas da cultura sitúanse no sétimo lugar, por riba de sistemas produtivos como a construción, téxtil, confección e moda, pesca, automoción ou electricidade, enerxía e auga.



Os datos comentados anteriormente poden visualizarse nos seguintes gráficos, onde se amosan para as distintas variables os resultados obtidos polas empresas culturais e as empresas doutros sistemas produtivos relevantes de Galicia.







O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica



Comparamos agora algunhas variables relacionadas coa xeración de emprego e a produtividade do traballo.


No caso do crecemento do emprego as empresas culturais obteñen mellores taxas que produtos químicos e derivados, construción, madeira e mobles, rochas ornamentais, pesca, electricidade, enerxía e auga, e naval.

Se analizamos comparativamente os ingresos de explotación por empregado nos distintos sistemas produtivos, as empresas da cultura están mellor posicionadas que as de construción, naval, actividades relacionadas coa saúde e asistencia social, servizos empresariais e rochas ornamentais.

No valor engadido bruto por empregado as empresas culturais soamente superan ás empresas de madeira e mobles, agroalimentario e téxtil, confección e moda.



O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica



**Capítulo IV**  
**ESTUDO TERRITORIAL**



#### 4.1. Análise por provincias

Neste apartado estudarase a mostra de empresas do sistema produtivo da cultura dende unha óptica territorial. Os parámetros utilizados serán o repartimento do número de empresas, os ingresos de explotación e o valor engadido bruto xerado no ano 2007 para cada unha das catro provincias galegas primeiramente e despois, tamén, analizarase como se distribúen os sectores nas provincias, co fin de detectar a especialización sectorial por territorio.



A provincia da Coruña posúe case o 50% das empresas dedicadas a actividades culturais: o volume de negocio que manexan estas empresas supón o 58,53% dos ingresos de toda a mostra e o valor engadido corresponde co 61,17% da mostra.

En Lugo están situadas o 8,70% das empresas, que xeraron no ano 2007 o 5,96% do valor engadido bruto da mostra cuns ingresos de explotación do 4,49% da mostra.

No caso de Ourense a porcentaxe de empresas culturais é dun 6,77%, que xeran o 3,97% dos ingresos e o 5,07% do valor engadido bruto.

En Pontevedra están situadas o 37,57% das empresas, cuns ingresos de explotación que supuxeron no ano 2007 o 33,01% da mostra e o 27,80% no caso de valor engadido bruto.

Cómpre destacar que as provincias da Coruña e Pontevedra xuntas teñen case o 85% da mostra total e xeraron en 2007 un valor engadido bruto de case 300 millóns de euros, o que supuxo aproximadamente o 90% sobre o total.

No seguinte gráfico amósase para cada unha das provincias galegas o repartimento das empresas, ingresos e valor engadido bruto para os distintos sectores que compoñen o sistema produtivo da cultura.

<b>Sectores do sistema produtivo da cultura</b>						
<b>A Coruña</b>						
Sen Televisión de Galicia Millóns de euros	N.º de empresas	%	2007			
			Ingresos de explotación	%	Valor engadido bruto (cf)	%
■ Creación artística e cultural	5	1,13%	1,07	0,12%	0,77	0,25%
■ Producción de bens e servizos culturais	104	23,42%	230,31	25,11%	105,79	34,19%
■ Edición	32	7,21%	141,46	15,42%	63,18	20,42%
■ Fotografía	16	3,60%	7,28	0,79%	1,92	0,62%
■ Cinematografía e vídeo	35	7,88%	61,92	6,75%	30,66	9,91%
■ Radio e televisión	17	3,83%	17,48	1,91%	8,35	2,70%
■ Outras actividades artísticas e de espectáculos	4	0,90%	2,18	0,24%	1,67	0,54%
■ Fabricación de bens culturais	116	26,13%	90,89	9,91%	32,58	10,53%
■ Distribución e difusión de bens e servizos culturais	62	13,96%	45,49	4,96%	10,08	3,26%
■ Actividades auxiliares á cultura	53	11,94%	319,32	34,81%	54,37	17,57%

Na provincia da Coruña o sector que xera un maior valor engadido bruto corresponde coa produción de bens e servizos culturais (34,19% do total da provincia) e que ocupa o 23,42% das empresas. Dentro deste sector a actividade máis relevante é a de edición, que ocupa o 7,21% das empresas e produce un valor engadido de 63,18 millóns de euros (20,42% de toda a provincia). Outras actividades como fabricación de bens culturais e distribución de bens e servizos culturais teñen relevancia en canto ao número de empresas (26,13% e 13,96%, respectivamente), aínda que a súa incidencia no valor engadido bruto é menos significativa (10,53% e 3,26%, respectivamente).

<b>Sectores do sistema produtivo da cultura</b>						
<b>Lugo</b>						
Sen Televisión de Galicia Millóns de euros	N.º de empresas	%	2007			
			Ingresos de explotación	%	Valor engadido bruto (cf)	%
■ Creación artística e cultural	1	1,25%	0,25	0,35%	0,13	0,44%
■ Producción de bens e servizos culturais	17	21,25%	19,99	27,51%	10,58	34,76%
■ Edición	6	7,50%	16,47	22,67%	8,45	27,75%
■ Fotografía	4	5,00%	1,42	1,95%	0,89	2,92%
■ Cinematografía e vídeo	2	2,50%	0,60	0,83%	0,36	1,19%
■ Radio e televisión	4	5,00%	1,47	2,02%	0,86	2,82%
■ Outras actividades artísticas e de espectáculos	1	1,25%	0,03	0,04%	0,03	0,08%
■ Fabricación de bens culturais	22	27,50%	13,41	18,45%	5,73	18,82%
■ Distribución e difusión de bens e servizos culturais	13	16,25%	5,56	7,65%	1,11	3,64%
■ Actividades auxiliares á cultura	10	12,50%	13,47	18,53%	2,30	7,57%

Ao analizar os sectores relacionados coa cultura en Lugo dedúcese que a produción de bens e servizos culturais acada a maior porcentaxe na xeración de valor engadido co 34,76% da provincia, e concretamente no caso da edición este parámetro acada o 27,75% do valor engadido total da provincia. Detéctase que un 27,50% das empresas dedícanse a actividades



relacionadas coa fabricación de bens culturais e que xeran o 18,45% dos ingresos e o 18,82% do valor engadido bruto da provincia.

Sectorios do sistema produtivo da cultura						
Ourense						
Sen Televisión de Galicia Millóns de euros	N.º de empresas	%	2007			
			Ingresos de explotación	%	Valor engadido bruto (cf)	%
■ Producción de bens e servizos culturais	9	15,52%	17,63	27,43%	10,51	38,39%
■ Edición	4	6,90%	15,08	23,46%	8,76	32,00%
■ Fotografía	1	1,72%	0,08	0,13%	0,03	0,10%
■ Cinematografía e vídeo	1	1,72%	0,50	0,77%	0,35	1,27%
■ Radio e televisión	3	5,17%	1,97	3,06%	1,37	5,02%
■ Fabricación de bens culturais	18	31,03%	7,45	11,58%	3,08	11,25%
■ Distribución e difusión de bens e servizos culturais	10	17,24%	4,40	6,84%	0,71	2,58%
■ Actividades auxiliares á cultura	12	20,69%	17,17	26,72%	2,57	9,39%

Na provincia de Ourense o sector con maior peso en canto ao número de empresas instaladas é a fabricación de bens culturais aínda que, igualmente que na Coruña e Lugo, é a produción de bens e servizos culturais, e máis concretamente a edición, o que deixa un maior valor engadido bruto na provincia, que acada un 32% do total.

Sectorios do sistema produtivo da cultura						
Pontevedra						
Sen Televisión de Galicia Millóns de euros	N.º de empresas	%	2007			
			Ingresos de explotación	%	Valor engadido bruto (cf)	%
■ Creación artística e cultural	8	2,43%	6,65	1,45%	2,41	1,92%
■ Producción de bens e servizos culturais	57	17,33%	71,23	15,53%	33,03	26,30%
■ Edición	24	7,29%	54,55	11,89%	25,96	20,67%
■ Fotografía	12	3,65%	3,64	0,79%	1,26	1,01%
■ Cinematografía e vídeo	15	4,56%	10,36	2,26%	4,40	3,51%
■ Radio e televisión	5	1,52%	2,54	0,55%	1,32	1,05%
■ Outras actividades artísticas e de espectáculos	1	0,30%	0,14	0,03%	0,08	0,07%
■ Fabricación de bens culturais	99	30,09%	88,27	19,25%	30,52	24,30%
■ Distribución e difusión de bens e servizos culturais	56	17,02%	34,61	7,54%	6,48	5,16%
■ Actividades auxiliares á cultura	52	15,81%	186,70	40,70%	20,11	16,01%

Na provincia de Pontevedra constátase tamén a importancia do sector de produción de bens e servizos culturais e concretamente a actividade de edición, que supón, para o ano 2007, o 20,67% do valor engadido bruto da provincia, aínda que soamente co 7,29% das empresas e o 11,89% dos ingresos de explotación. A fabricación de bens culturais tamén acada a maior porcentaxe de empresas na provincia (30,09%).

## 4.2. Análise por comarcas

Neste apartado utilizaremos a comarca como unidade de análise, dado que adquire unha maior relevancia para o estudo dos procesos de aglomeración e especialización empresarial.

Cada comarca adoita ter un nivel de especialización empresarial específico. A razón é que progresivamente hase de ir cimentando unha base de coñecementos que se complementa e potencia a través das relacións entre as empresas. Algunhas investigacións suxiren que as ditas relacións de cooperación interempresarial son fundamentais na mellora da produtividade e da innovación. Loxicamente, a cooperación en xeral, e a subcontratación en particular, posibilitan que as empresas se concentren nas capacidades distintivas, é dicir, no corazón do negocio, o que redonda habitualmente na mellora da produtividade.

No seguinte cadro amosamos unha panorámica da distribución das empresas, ingresos e valor engadido bruto xerado polas empresas culturais en Galicia segundo as distintas comarcas<sup>14</sup>. O ordenamento das comarcas corresponde co valor engadido bruto a custo dos factores para o ano 2007.

**Distribución por comarcas das empresas, ingresos e valor engadido bruto das empresas da cultura, 2007**

Sen Televisión de Galicia  
Millóns de euros

	Empresas	%	Ingresos 2007	%	V.E.B. (cf) 2007	%
A CORUÑA	173	23,90%	332,23	28,30%	105,86	31,80%
SANTIAGO	93	12,85%	312,13	26,59%	85,79	25,77%
VIGO	169	23,34%	322,15	27,44%	73,77	22,16%
LUGO	41	5,66%	45,42	3,87%	18,28	5,49%
OURENSE	39	5,39%	43,81	3,73%	15,66	4,70%
PONTEVEDRA	40	5,52%	26,53	2,26%	9,19	2,76%
O SALNÉS	24	3,31%	16,58	1,41%	4,65	1,40%
EUME	7	0,97%	5,61	0,48%	3,86	1,16%
FERROL	22	3,04%	15,34	1,31%	3,17	0,95%
BARBANZA	13	1,80%	8,46	0,72%	1,47	0,44%
O MORRAZO	13	1,80%	6,81	0,58%	1,24	0,37%
CALDAS	4	0,55%	4,02	0,34%	1,19	0,36%
DEZA	6	0,83%	2,68	0,23%	0,96	0,29%
O BAIXO MIÑO	6	0,83%	7,10	0,61%	0,86	0,26%
O SAR	3	0,41%	1,88	0,16%	0,73	0,22%
FISTERRA	2	0,28%	5,14	0,44%	0,69	0,21%
O CARBALLIÑO	2	0,28%	1,45	0,12%	0,62	0,19%
ORDES	5	0,69%	0,95	0,08%	0,49	0,15%

<sup>14</sup> As comarcas están configuradas por municipios de acordo co establecido pola Xunta de Galicia.

### Distribución por comarcas das empresas, ingresos e valor engadido bruto das empresas da cultura, 2007


Sen Televisión de Galicia  
Millóns de euros

	Empresas	%	Ingresos 2007	%	V.E.B. (cf) 2007	%
NOIA	5	0,69%	1,37	0,12%	0,48	0,14%
A MARIÑA ORIENTAL	5	0,69%	1,43	0,12%	0,44	0,13%
TERRA CHÁ	4	0,55%	1,20	0,10%	0,43	0,13%
O CONDADO	6	0,83%	0,90	0,08%	0,40	0,12%
VALDEORRAS	4	0,55%	0,88	0,08%	0,39	0,12%
A MARIÑA CENTRAL	5	0,69%	1,15	0,10%	0,32	0,10%
BERGANTIÑOS	5	0,69%	0,99	0,08%	0,30	0,09%
A MARIÑA OCCIDENTAL	4	0,55%	0,95	0,08%	0,28	0,09%
TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	4	0,55%	0,70	0,06%	0,28	0,08%
TERRA DE SONEIRA	2	0,28%	0,68	0,06%	0,25	0,08%
BETANZOS	5	0,69%	0,92	0,08%	0,24	0,07%
RESTO DE COMARCAS	13	1,80%	4,40	0,37%	0,57	0,17%

(A Barcala, A Limia, Xallas, Sarria, Terra de Celanova, Ortegá, Verín, Chantada, Terra de Lemos, Terra de Melide, O Ribeiro)


As comarcas da Coruña, Santiago e Vigo agrupan aproximadamente o 80% de todo o valor engadido xerado en Galicia (31,80%, 25,77% e 22,16% respectivamente). As comarcas de Lugo (5,49%), Ourense (4,70%) e Pontevedra (2,76%) tamén xeraron porcentaxes algo significativas, aínda que bastante lonxe das anteriores.

Nos dous seguintes gráficos vemos a evolución para as comarcas da Coruña, Santiago e Vigo dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto para os anos 2004 a 2007.



Santiago é a comarca que presenta os mellores valores de crecemento para todo o período, chega a acadar unha taxa de variación dos ingresos de explotación do 10,33% no último ano estudado.

O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica



Se analizamos a xeración de riqueza medida a través do valor engadido bruto ao custo dos factores, a comarca de Santiago mantén sempre crecementos superiores aos das comarcas da Coruña e Vigo, agás para o ano 2005. No período analizado as comarcas da Coruña e Vigo manteñen taxas de crecemento bastante parellas.

**Capítulo V**  
**INDICADORES DE MELLORES**  
**PRÁCTICAS EMPRESARIAIS**



## 5.1. Significado de indicador de mellores prácticas empresariais

O estudo de indicadores de mellores prácticas empresariais é un dos aspectos en que máis incidimos en ARDÁN dende os seus inicios. Trátase de investigar a aquelas empresas que presentan unha traxectoria singular medida a través dun factor de interese para a súa competitividade, tal como o alto crecemento dos ingresos, a alta rendibilidade, a elevada produtividade ou a boa xestión. No primeiro caso partimos do crecemento sostido dos ingresos de explotación, no segundo da rendibilidade económica, no terceiro da produtividade do emprego e no cuarto da excelente xestión empresarial. En todos os casos se establecen uns parámetros elevados e que, á vez, deben manterse polo menos durante un período de tres anos consecutivos, é dicir, incorporamos a idea de sostibilidade.

Estes indicadores ofrecen unha perspectiva de interese sobre a capacidade de competir das empresas e, especificamente, sobre as empresas que crecen de forma extraordinaria (gacelas), as que obteñen elevadas rendibilidades (alto rendemento) ou as firmas que alcanzan un alto nivel de produtividade do factor humano (alta produtividade).

No caso do indicador «Ben xestionadas», refírese a empresas que son capaces de manter durante tres anos consecutivos uns excelentes parámetros de xestión, especialmente en crecemento, rendibilidade, produtividade e liquidez. Os mencionados valores deben estar por riba da mediana do sector en que se localizan durante un período de tres anos consecutivos.

Significado e características dos indicadores de mellores prácticas empresariais		
Indicador	Significado	Características
<b>Ben xestionada</b>	Empresas que presentan uns bos parámetros no seu cadro de mando, fundamentalmente en crecemento, rendibilidade, produtividade e liquidez. Os valores deben estar por enriba da mediana do seu sector durante 3 anos consecutivos.	Equilibradas, sólidas, non son necesariamente excelentes nun aspecto, pero son notables en practicamente todo. Excelentes capacidades directivas.
<b>Gacela</b>	Crecemento sostido dos ingresos de explotación por enriba do 25% durante 3 anos consecutivos	Innovadoras, dinámicas, exploradoras, creadoras de emprego, volatilidade nos resultados.
<b>Alto rendemento</b>	Rendibilidade económica media do 25% durante 3 anos consecutivos, sen que en ningún ano o devandito valor se reduza por debaixo do 15%.	Eficientes, ben posicionadas no sector, recoñecidas por un bo produto-servizo, as relacións ou a imaxe. En xeral, percíbense boas capacidades de dirección.
<b>Alta produtividade</b>	O valor engadido por empregado está situado entre o 25% dos mellores valores do sector en que se encontre, ademais debe crecer por enriba do 10% durante 3 anos consecutivos.	Con notables capacidades organizativas. Desenvolven estratexias que favorecen o posicionamento da empresa nun nivel elevado respecto a outras firmas coas que compite.

Son poucas as firmas que alcanzan un determinado indicador. Na seguinte ilustración aparece reflectida a porcentaxe que supón o número de empresas do sistema produtivo da cultura que posúe cada indicador.

Conxunto de empresas da cultura que dispoñen de indicador		
	Ben Xestionada	0,69%
	Gacela	1,79%
	Alto Rendemento	1,24%
	Alta Produtividade	2,90%

Por suposto, sería desexable que unha empresa incorporase varios indicadores, o cal demostraría maior capacidade para competir, pero o certo é que aquelas empresas que acaden algún deles demostran certa dose de capacidade para competir. Hai que entender que competir hoxe en día é un reto de múltiples arestas que esixe unha forte capacidade directiva.

Realmente, definir se unha empresa é competitiva ou non é un labor complexo. Os indicadores axudan a interpretar algunhas características que illadamente non son suficientes para identificar se unha empresa é ou non competitiva. Dende logo, cantos máis indicadores teña unha empresa máis terá avanzado na difícil loita da competencia.

Un aspecto común a todos eles é que se prima o esforzo constante, é dicir, unha boa xestión ten sentido cando se prolonga no tempo. De aí que a maioría dos indicadores que se definiron esixen que as empresas realizen un esforzo singular nun aspecto relevante polo menos durante tres anos consecutivos.

En definitiva, os indicadores achegan unha pista para coñecer as empresas máis dinámicas, pero o máis singular é que achegan unha «referencia» que podería ser de utilidade para a mellora das demais. Nos seguintes apartados analizaremos con máis detalle cada un destes indicadores.

## 5.2. As empresas ben xestionadas

### 5.2.1. Significado de empresa ben xestionada

Existen seis aspectos que miden os resultados nas empresas e son unha manifestación da competitividade da firma. O primeiro ten que ver co mercado, o segundo coa innovación, o terceiro coa produtividade, o cuarto coa xeración de liquidez, o quinto coa xeración de valor e o sexto coa rendibilidade.

Ningún por si só é suficiente para medir o rendemento da empresa. Uns complementan os outros, e mesmo se un deles coexa é moi probable que a empresa teña dificultades para competir.



### *Mercado*

O aspecto relacionado co mercado é un dos máis relevantes. As empresas deben identificar os segmentos de clientes e mercado en que elixiron competir. Estes segmentos representan as fontes que proporcionarán o compoñente de ingresos dos obxectivos financeiros da empresa.

A identificación das propostas de valor engadido que se entregarán aos segmentos seleccionados convértese en clave para o desenvolvemento dos obxectivos da empresa baseados en mercado e clientes.

### *Innovación*

O nivel de innovación<sup>15</sup> é outro parámetro de referencia do rendemento empresarial. Cabe preguntarse pola reputación innovadora da firma en canto aos seus produtos e servizos, se desenvolve innovacións de éxito cun custo razoable ou se propón unha renovación da base de creación de valor de maneira que é axeitadamente aceptada polos clientes.

Os ciclos dos produtos seguen acurtándose. As empresas que compiten en sectores de rápida innovación tecnolóxica teñen que anticiparse ás necesidades futuras dos clientes, inventando produtos e ofrecendo servizos radicalmente novos. Mesmo para as empresas pertencentes a sectores con ciclos relativamente longos de vida do produto, a mellora continua dos procesos é da máxima importancia para un éxito a longo prazo.

### *Produtividade*

A produtividade é ao cabo a base da competitividade da firma. É un indicador do resultado do impacto global de incrementar as capacidades e ánimo dos empregados, así como a innovación e mellora dos procesos internos e da satisfacción dos clientes.

### *Liquidez*

A liquidez é outra variable de extraordinaria importancia. Ata tal punto é así que moitas firmas poden sobrevivir con baixas rendibilidades, e mesmo con perdas, pero moi dificilmente con falta de liquidez.

### *Xeración de valor*

A creación de valor é outra das dimensións. A principal obriga dunha empresa é xerar riqueza dende a satisfacción das necesidades dos seus clientes, do desenvolvemento profesional dos seus empregados e dende a xeración de valor para os seus accionistas.

### *Rendibilidade*

A rendibilidade económica é a sexta das medidas do rendemento empresarial. Probablemente é a medida máis utilizada e a que máis se aproxima ao concepto de eficiencia. Trátase dun indicador básico para xulgar a eficiencia na xestión empresarial, pois é precisamente o comportamento dos activos, con independencia do seu financiamento, o que determina con carácter xeral que unha empresa sexa ou non rendible en termos económicos. Ademais, non ter en conta a forma en que foron financiados os activos permitirá determinar se unha empresa non rendible o é por problemas no desenvolvemento da súa actividade económica ou por unha deficiente política de financiamento.

Polo tanto, as empresas ben xestionadas responden a varios destes criterios simultaneamente, concretamente aos de crecemento, rendibilidade, produtividade e liquidez<sup>16</sup> con valores por riba da mediana do sector en que se encontran e durante un período de tres anos consecutivos.

<sup>15</sup> Robert S. Kaplan, David P. Norton (2002), *Cuadro de Mando Integral*, Editorial Gestión 2000, Barcelona.

<sup>16</sup> Non incorporamos o parámetro da innovación pola dificultade que formula a súa medición.

### 5.2.2. As empresas ben xestionadas da cultura en Galicia

As empresas ben xestionadas da cultura representan o 0,69% do conxunto da mostra analizada neste informe, fronte ao 2,3% que representan no conxunto de Galicia<sup>17</sup>.

#### Características

Entre as características máis relevantes destas empresas destacan as seguintes: equilibradas, sólidas, non son necesariamente excelentes nun aspecto, pero son notables en practicamente todo. Dispoñen de excelentes capacidades directivas posto que non é nada doado conseguir un cadro de mando que supere ano tras ano os valores centrais do sector.

Boa xestión implica capacidade de competir, os resultados que estas obteñen así o testemuñan.

Na seguinte táboa recolleemos os valores por riba dos cales han de situarse as empresas para poder considerarse ben xestionadas.


Mediana por sector para as variables identificativas das empresas ben xestionadas											
	Crecem. ingresos		Liquidez			Rendibilidade económica			Valor engadido por empregado (€)		
	06/05	07/06	2005	2006	2007	2005	2006	2007	2005	2006	2007
Fabricantes	7,62%	7,70%	1,15	1,17	1,19	4,71%	4,74%	5,26%	24.322	25.967	27.425
Almacenistas	6,59%	5,68%	1,20	1,21	1,23	4,44%	4,48%	4,93%	26.157	27.929	30.009
Retallistas	4,12%	3,73%	1,13	1,14	1,16	3,90%	3,87%	4,11%	20.700	22.090	22.877
Servizos	6,21%	6,64%	1,19	1,21	1,25	5,56%	5,23%	5,76%	24.954	25.839	27.420
Transportes, comunicacións e servizos públicos	8,97%	6,32%	1,09	1,10	1,11	4,30%	5,21%	5,98%	29.762	32.934	34.703

### 5.2.3. As empresas ben xestionadas por sector e territorio

A través da análise da distribución por sectores das empresas ben xestionadas, obsérvase que un 40% se dedican á fabricación de bens culturais (concretamente desenvolven actividades de impresión). Un 20% desenvolven actividades de produción de bens e servizos culturais (cinematografía e vídeo), en distribución e difusión localízase outro 20% e, finalmente, en actividades auxiliares á cultura encóntrase o 20% restante.

En relación á distribución territorial, o 80% das empresas ben xestionadas da cultura concéntranse na provincia da Coruña, concretamente nos seguintes concellos: Pontedeume, Santiago, Boiro e Culleredo. Na provincia de Ourense detéctase o 20% restante.

<sup>17</sup> A mostra de empresas de Galicia para realizar a comparación ascende a 19.455 empresas con datos no período 2005-2007. O número de empresas ben xestionadas detectadas na devandita mostra foi de 453.



### 5.3. As empresas gacela

#### 5.3.1. Significado de empresa gacela

Gacela é un indicador que fai referencia ás empresas que presentan unha taxa de crecemento elevada e constante na súa cifra de ingresos. Dende o punto de vista da dinámica dos negocios son empresas interesantes, xa que son capaces de incrementar o seu volume de ingresos de forma continuada e excepcionalmente rápida, mesmo en contextos de recesión, se ben en períodos de expansión do ciclo económico aumenta o seu número.

A definición desta tipoloxía de empresas é a seguinte: «empresa gacela é aquela que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos tres anos consecutivos, por riba do 25% de incremento anual, durante cada un deles».

De acordo coas investigacións realizadas, son empresas innovadoras e extraordinariamente dinámicas. Xeran unha alta porcentaxe dos novos empregos aínda que tan só adoitan representar arredor do 3 ou 4% do total das empresas dunha área.

Ser gacela implica capacidades para o crecemento rápido, se ben este crecemento non é sempre necesariamente garantía de éxito. Son empresas que normalmente teñen unha actitude máis agresiva ante a incerteza, xa que constantemente están a indagar novas oportunidades de negocio. Ademais, o crecemento rápido leva asociadas consigo fortes necesidades financeiras que moitas veces non son satisfeitas. De aí que este tipo de empresas asuma moitas veces un maior risco económico e financeiro.


As gacelas adoitan crecer mesmo nas crises, se ben teñen unha maior volatilidade nos resultados. Outra característica é que con frecuencia son máis eficientes que o resto das empresas, debido basicamente á súa habitual maior rotación de activos (polo efecto de incremento dos ingresos conseguen unha relación maior ingresos/activos) que as empresas de similar campo de actividade.

### 5.3.2. As empresas gacela na cultura


No sistema produtivo da cultura en Galicia e durante o período 2005-2007 detectáronse 13 empresas que se poden catalogar como gacelas, o 1,79% da mostra (valor inferior ao rexistrado no total da mostra de Galicia, que ascendeu ao 4%). Este conxunto de empresas aumentou os seus ingresos no mencionado período a un ritmo medio do 43,23%, ritmo extraordinariamente elevado e superior ao rexistrado polo total das gacelas galegas, que foi do 41,08%.

#### Crecedemento dos ingresos

Como se observa no cadro seguinte, o crecedemento anual dos ingresos experimentado polas empresas gacela de 2005 a 2006, en cifras relativas, foi do 41,35% e de 2006 a 2007 acelerárase ata acadar o 45,13%. O ritmo medio de crecedemento da variable ingresos no período que abrangue dende 2005 ata 2007 foi do 43,23%.




Por outra parte, ofrecemos unha panorámica daquelas empresas gacela máis dinámicas. Así, son 7 as que multiplicaron o seu volume de vendas entre 1,5 e 2 veces dende 2005, mentres que 5 empresas conseguen multiplicar o seu volume de negocio entre 2 e 3 veces. Finalmente, 1 empresa logra multiplicar o seu volume de negocio nos tres anos citados por máis de 3.



### 5.3.3. As empresas gacela por sector e territorio

En relación á distribución de empresas gacela da cultura por sectores, obsérvase que o 46% desta tipoloxía de empresas está presente nas actividades auxiliares á cultura. Un 23% en fabricación de bens culturais, concretamente en actividades de impresión e de artes gráficas. Un 15% en produción de bens e servizos culturais, particularmente en cinematografía e vídeo. Un 8% localízase en creación artística e cultural. E finalmente outro 8% dedícase a actividades de distribución e difusión de bens e servizos culturais.



A través da análise da distribución territorial das gacela, concluímos que o 69% das devanditas empresas se localiza na provincia da Coruña, o 23% na provincia de Pontevedra (todas elas situadas na cidade de Vigo) e o 8% restante na provincia de Lugo.


### 5.3.4. A importancia das empresas gacela

Gacela é un trazo que mide o crecemento no volume de negocio, algo no que toda empresa ten un xusto e necesario interese. É polo tanto un indicador de dinamismo pero, como todos os trazos, non encerra a meta absoluta, senón que deles se infiren características e ensinanzas para o resto das empresas.

Segundo as investigacións realizadas por ARDÁN, as empresas gacela son extraordinariamente exploradoras, presentan unha crecente preocupación pola apertura de actividade comercial cara a mercados exteriores. Ademais, apostan claramente pola innovación como vía para diferenciarse no mercado e son empresas moi enfocadas ao cliente.

O crecemento sostido é o resultado claro dunha boa xestión dos recursos por parte da dirección das empresas, así como dunha axeitada organización dos seus procesos internos, das súas estratexias e dunha mellor xestión do capital humano.

Ademais son empresas que xeran unha alta porcentaxe dos novos empregos, como pode comprobarse na seguinte ilustración.



## 5.4. As empresas de alto rendemento

### 5.4.1. Significado de empresa de alto rendemento

Un dos aspectos máis relevantes da xestión das empresas está en detectar o nivel de eficiencia co que operan. O beneficio non pode considerarse, por si mesmo, como unha medida correcta da eficiencia, hai que enfrontalo ao sacrificio que implica obter a devandita ganancia. De aí a necesidade de coñecer o beneficio relativo. Da relación entre beneficio e sacrificio (investimento) pódese deducir a eficiencia e, máis concretamente, a rendibilidade económica.

Por iso, intentouse coñecer cales son aquelas empresas que acadan altas rendibilidades no seu negocio, engadindo dúas restricións. A primeira consiste en establecer un límite mínimo a partir do cal se pode considerar que a empresa acadou o «alto rendemento». A segunda restrición parte da consideración de que, para alcanzar o galardón de «alto rendemento», as empresas deberían obter a devandita rendibilidade polo menos durante un determinado período de anos.

Sobre a base da anterior reflexión, defínese a empresa de «alto rendemento» como aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica<sup>18</sup> media de polo menos o 25%, nun período mínimo de tres anos, sempre e cando en ningún ano obteña unha rendibilidade económica por debaixo do 15%.

A definición anterior é bastante restritiva, xa que se están a seleccionar aquelas empresas que conseguiron un alto nivel de rendibilidade económica media -máis do 25%- durante un período consecutivo de polo menos tres anos. A aceptación de que algún ano poida obter un 15% de rendibilidade non o exige de acadar a media do 25% antes comentada. A razón desta precisión está en recoñecer que en determinados momentos poden darse variacións cíclicas. Por iso, admitimos á hora de cualificar unha empresa como «de alto rendemento» unha leve caída no nivel de eficiencia, sempre e cando nalgún dos tres anos do período analizado se compense suficientemente.

<sup>18</sup> A rendibilidade económica é equivalente á relación entre resultado económico e os activos medios empregados na consecución deste. A rendibilidade económica considérase unha medida da capacidade dos activos dunha empresa para xerar valor con independencia de como foron financiados, é dicir, mide o rendemento da empresa «como negocio».

Unha virtude das empresas de alto rendemento está na súa capacidade para recuperar, a través dos beneficios económicos xerados<sup>19</sup>, a totalidade dos activos investidos nun período extraordinariamente curto. Esta característica é singular, no sentido de que teñen períodos de maduración excepcionalmente reducidos na recuperación dos investimentos totais necesarios para o seu funcionamento. É dicir, que unha empresa cun 25% de rendibilidade económica acada tantos beneficios como a totalidade dos activos que necesita para o seu funcionamento nun período aproximado de catro anos.

#### 5.4.2. As empresas de alto rendemento na cultura

Na mostra total de empresas utilizadas para este estudo, nove poden considerarse de alto rendemento, é dicir, aproximadamente o 1,24% do conxunto merecen o devandito indicador. No conxunto de Galicia este tipo de empresas representaron o 1,7% do total.

A rendibilidade económica media (agregada) acadada por este conxunto de empresas foi para os anos 2005, 2006 e 2007 do 36,62%, 36,34% e 49,29%, respectivamente.

##### *Características*

Segundo as investigacións realizadas por ARDÁN<sup>20</sup>, ser empresa de alto rendemento implica ter creado vantaxes competitivas consistentes. Estas empresas gozan de posicións relevantes dentro do seu campo de actividade.

Tamén adoita implicar importantes calidades do núcleo humano que opera nese proxecto empresarial e calidades directivas que posibilitan o deseño de estratexias xeradoras de valor, destacando polo desenvolvemento do liderado e a súa mentalidade gañadora. É dicir, o alto rendemento está ligado ás competencias internas da firma.

Outra peculiar característica das empresas de alto rendemento é a súa capacidade para crear capital relacional e, máis especificamente, capital clientes de forma diferencial, xa que elaboran unha fórmula propia de facer negocios. Polo tanto, ese valor diferencial con respecto ao que poden propoñer outros axentes que operen no mesmo ámbito de negocio é outra das claves da alta rendibilidade.

#### 5.4.3. As empresas de alto rendemento por sector e territorio


No seguinte gráfico preséntase a distribución de empresas de alto rendemento en función dos distintos sectores en que desenvolven a súa actividade, así como a súa distribución territorial.

Obsérvase que o 44% desta tipoloxía de empresas se encontra en fabricación de bens culturais, particularmente en artes gráficas e actividades de impresión.

O 33% das empresas dedícanse á produción de bens e servizos culturais, concretamente produción cinematográfica e edición de libros. Finalmente, o 22% restante encontrámolo en actividades auxiliares á cultura.

<sup>19</sup> Non se inclúen os resultados financeiros.

<sup>20</sup> ARDÁN (2007), *Estrategias para alcanzar y mantener la alta rentabilidad. La experiencia de las empresas de alto rendimiento*, Consorcio da Zona Franca de Vigo.



A través da análise da distribución territorial das empresas de alto rendemento constátase que se concentran nas provincias da Coruña e Pontevedra, cun 56% e un 44%, respectivamente.

#### 5.4.4. A importancia das empresas de alto rendemento

Todos somos conscientes de que os beneficios que obteñen as empresas son o factor que posibilita que a empresa se desenvolva. É dicir, a empresa dende un punto de vista competitivo é un negocio, e a base dun negocio está en gañar diñeiro de acordo cunhas regras socialmente admitidas.

Dende logo, dende unha óptica competitiva é así, pola contra ningunha firma podería manterse. Non obstante, a empresa non só se move nun plano competitivo, é dicir, a empresa debe ter un comportamento socialmente responsable tomando en consideración non soamente os intereses dos accionistas senón o impacto que as súas decisións e estratexias teñen sobre outros axentes sociais implicados na súa actividade. Por iso, debe responder axeitadamente ao que a sociedade espera dela, o que se sintetiza basicamente na súa colaboración ao incremento do benestar social. Tamén ten que responder aos intereses dos grupos que a sosteñen, fundamentalmente accionistas, directivos, traballadores, provedores e clientes. E constituír produtos e servizos que outorguen valor aos consumidores ou usuarios.

En definitiva, a empresa debe ser unha organización creadora de riqueza desde diferentes planos e o alto rendemento é unha mostra diso.

En 2007, o 1,24% das empresas de alto rendemento da cultura xeraron o 7% dos ingresos totais da cultura e o 9% do valor engadido. Ademais o crecemento do emprego nestas empresas superou en 6 puntos porcentuais (8,24%) o crecemento medio do emprego nas empresas da cultura (2,30%).





En conclusión, este indicador de «alto rendemento» está ao alcance de empresas que demostraron claras capacidades na difícil tarefa de ser cada día mellores. As empresas de alto rendemento non son así só por natureza, senón que é unha meta que se pode alcanzar.

## 5.5. As empresas de alta produtividade

### 5.5.1. Significado de empresa de alta produtividade

A produtividade é clave para o desenvolvemento económico dun país e desempeña un papel moi importante como fonte do crecemento a longo prazo. Dende principios do século pasado a produtividade total dos países desenvolvidos multiplicouse por máis de corenta e este aumento da produtividade trouxo como consecuencia importantes incrementos do nivel e calidade de vida.

A produtividade nas empresas é, por iso, un aspecto que nos parece relevante e, por suposto, merecedor dun estudo serio e profundo. A nosa análise neste apartado vaise centrar na produtividade dos recursos humanos, medida a través do valor engadido bruto xerado por empregado, parámetro este que, ao noso xuízo, é unha medida bastante razoable da produtividade do factor humano. A concentración no corazón do negocio e a externalización de actividades non esenciais inflúen no incremento da produtividade do factor humano.

Dentro da análise de indicadores incorporamos o indicador de empresa de alta produtividade, posto que estamos convencidos de que as empresas que se concentren na produtividade obterán, case seguro, unha sólida vantaxe competitiva. Non debemos esquecer que gran parte da produtividade provén de dúas fontes clave: o nivel de innovación e as capacidades organizativas.

Unha das condicións para ser empresa de alta produtividade dos recursos humanos é ter un valor engadido por empregado por riba do percentil 75 do sector en que opera durante os tres anos consecutivos do período de análise. É dicir, en ningún ano, a empresa de alta produtividade debe xerar un valor engadido por empregado<sup>21</sup> por debaixo das cifras que aparecen na táboa seguinte, sempre relacionadas co seu sector en Galicia.

<sup>21</sup> O número de empregados é o que declara a empresa. En liñas xerais, o número de empregados equivale a empregados a tempo completo-ano. Outro aspecto que destacar na influencia da produtividade do traballo ten que ver coa externalización de actividades por parte da empresa.

	Valor engadido por empregado (euros)		
	2005	2006	2007
Fabricantes	32.751	35.312	37.635
Almacenistas	37.319	40.305	43.005
Retallistas	27.647	29.954	31.684
Servizos	35.390	37.584	39.171
Transportes, comunicacións e servizos públicos	41.720	44.765	46.670

Outra condición para que á empresa se lle outorgue o apelido de alta produtividade nos recursos humanos é que o citado valor engadido por empregado creza polo menos un 10% durante cada un dos tres anos de estudo. Con ambas as dúas condicións defínese empresa de alta produtividade como aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% dos mellores valores do sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.


En definitiva, son fortes restricións que posibilitan coñecer que empresas conseguen unha elevada produtividade dos recursos humanos e, polo tanto, empresas sobre as que probablemente se están a desenvolver vantaxes competitivas relevantes.

### 5.5.2. As empresas de alta produtividade na cultura

Entre as empresas da cultura analizadas neste informe<sup>22</sup>, tan só un 2,90% do total acadan o indicador de alta produtividade, é dicir, 21 empresas. Non obstante, este valor é superior en 1,2 puntos porcentuais respecto ao 1,7% que representaron as empresas de alta produtividade no conxunto de Galicia.


Na ilustración seguinte pódense observar as diferenzas rexistradas no crecemento da produtividade nas empresas da cultura, as empresas galegas no seu conxunto e as empresas de alta produtividade. Nos dous primeiros casos a produtividade medra arredor do 5% en 2007, pero tanto nas empresas da cultura como nas empresas galegas desacelérase o devandito crecemento respecto a 2006. No caso das empresas de alta produtividade, cun crecemento do 24,34% en 2007, detéctase unha aceleración deste, respecto a 2006, de máis de 3 puntos porcentuais.

<sup>22</sup> Para este indicador tívose en conta unha mostra de empresas que presentan o dato do emprego para cada un dos anos do período de estudo, e ademais intentouse que os datos mencionados ofreceisen certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación gastos de persoal/empregados rexítanse aqueles valores que resultaran incoherentes).



### 5.5.3. As empresas de alta produtividade por sectores e territorio

Neste apartado analizaremos a distribución sectorial das empresas de alta produtividade da cultura.



O maior número de empresas de alta produtividade dedícase á fabricación de bens culturais (38%), basicamente centradas en actividades de impresión. Un 24% encontrámolo en produción de bens e servizos culturais, concretamente en actividades de edición e produción cinematográfica.

Outro 24% das empresas de alta produtividade desenvolve actividades auxiliares á cultura. Un 10% dedícase á distribución e difusión de bens e servizos culturais. Finalmente, o 5% restante encontrámolo en creación artística e literaria.

Respecto á distribución territorial deste tipo de empresas, obsérvase unha concentración nas provincias da Coruña, cun 57%, e Pontevedra, co 43% restante.

#### 5.5.4. A importancia da alta produtividade na competitividade

O concepto máis xenuíno de competitividade asimílase á constitución de vantaxes competitivas sólidas e duradeiras no tempo. Existen dous camiños clave para crear esas vantaxes, un a través da mellora da produtividade e outro mediante o incremento da innovación. Produtividade<sup>23</sup> implica actuar sobre as cousas que coñecemos tratando de melloralas constantemente; innovación supón modificar o existente mediante a renovación e o cambio.

A alta produtividade leva asociadas notables capacidades organizativas, así como de desenvolvemento de estratexias que favorezan o posicionamento da empresa nun nivel elevado respecto ás outras firmas coas que se compite.

As empresas con alta produtividade dos recursos humanos terán moitas opcións para gañar a batalla competitiva de cara ao futuro. As capacidades distintivas do factor humano, especialmente as do seu equipo directivo, unidas á produtividade de todo o núcleo humano posibilitarán, moi probablemente, acadar e manter elevados niveis de competitividade. As bases para potenciar as devanditas capacidades terán moito que ver co esforzo na aprendizaxe individual e organizacional, orientada a desenvolver competencias creadoras de valor.

En definitiva, o activo máis valioso dunha empresa do século vinte eran os seus equipos de produción, mentres que o activo máis valioso dunha entidade do século vinte e un, xa sexa de negocios ou non, será o coñecemento dos seus traballadores e a súa produtividade. Por iso, neste ámbito o novo reto é o da produtividade do traballador do coñecemento.

<sup>23</sup> Drucker, P.F. (1999), *Gestión de los retos del siglo 21*, Oxford, Butterworth-Heinemann.

**Capítulo VI**  
**OS RETOS DAS EMPRESAS DA CULTURA.**  
**CONCLUSIÓN**



Cando se decide achegarse a un sector produtivo e analizar o seu comportamento dentro dunha economía faise un certo exercicio de reduccionismo e simplificación. No caso que nos ocupa, cremos que era necesario adoptar unha postura inclusiva no tocante ás actividades económicas seleccionadas. Malia que seguimos as clasificacións recomendadas polos principais organismos normativos, eramos conscientes de que afrontabamos unha tarefa complicada ao achegarnos a empresas de carácter moi diverso dunha maneira coherente e circunscribirmos a un ámbito que realmente se atopa nunha etapa de certa indefinición.

Un dos resultados destacables deste estudo é a delimitación do sector. É a primeira vez que se fai en Galicia unha definición clara, recollendo a actividade de todas as empresas que se dedican, dun xeito ou doutro, á produción e distribución de bens culturais. Isto debería ter unha incidencia positiva, polo menos para crear certa conciencia entre os actores implicados de atoparse nun sector produtivo definido e medible.

Por outra banda, propuxémonos dar conta, sequera a través dunhas pinceladas, do impacto que xera a actividade creativa, que se atopa intimamente ligada á produción cultural, no conxunto da economía. Un sector cultural san e economicamente rendible xera riqueza máis aló da cadea de valor tradicional, incidindo na cohesión e no benestar social.

Tamén atopamos de sumo interese a contextualización da industria cultural no ámbito xeral do que entendemos por cultura a través de magnitudes económicas. É fundamental tomar conciencia de que a actividade económica que emana deste ámbito é moi superior ao gasto público en cultura, o que debería aclarar certas dúbidas prexuízosas do carácter subvencionado da creación cultural. Tamén é moi importante ser conscientes da forza laboral do sector e da capacidade que ten para xerar postos de traballo de calidade.

Os datos de peso relativo do sector no Produto Interior Bruto, os que dan conta da proporción do sistema no conxunto da economía produtiva, así como a porcentaxe do emprego xerado, indican que estamos ante unhas actividades que achegan preto dun 2% do total da economía rexional nestes parámetros.

Dentro do período en que analizamos a evolución das variables económicas para a mostra de 725 empresas do sistema produtivo da cultura en Galicia, podemos considerar os seguintes aspectos máis relevantes:

Detectamos un bo comportamento na xeración de ingresos e de valor engadido bruto por parte das empresas con taxas superiores ás da media da empresa galega. Os resultados destes parámetros reflicten un paralelismo propiciado polo movemento cíclico da economía no período 2001-2007, saíndo reforzadas as empresas da cultura en canto á xeración de valor engadido bruto nos últimos anos de estudo.

Tamén se constata unha evolución favorable da rendibilidade económica do período de referencia e, aínda que son sensiblemente inferiores ás da empresa media galega, achegan posicións coa mellora progresiva da rotación das existencias. No caso da rendibilidade financeira, prodúcese tamén un achegamento á media da empresa galega ao longo do período analizado.

O sistema produtivo está fortemente atomizado, formado basicamente por microempresas que xeran arredor do 2,5% do emprego en Galicia. A mostra de empresas amosa un crecemento do emprego en todos os anos analizados. Prodúcese tamén neste período unha mellora na produtividade do traballo con parámetros parellos aos da empresa galega.

Dentro do sistema produtivo o sector máis relevante en canto a ingresos e valor engadido é o de produción de bens e servizos culturais, e máis concretamente o de edición, que acada o maior peso tamén en canto a emprego. Cómpre destacar o despunte na creación artística e cultural, con boas cotas no crecemento dos ingresos e do valor engadido nos últimos anos.

Respecto do resto de sistemas produtivos galegos, a cultura ocupa un cuarto lugar en relación á variación de ingresos, tan só superada pola industria auxiliar, as actividades relacionadas coa saúde e a construción. Non obstante, en canto á rendibilidade e á produtividade ocupa posicións máis baixas.

Percíbese unha alta concentración destas actividades ao redor das comarcas da Coruña, Santiago e Vigo e un maior dinamismo na comarca de Santiago, con mellores parámetros de evolución en xeral. Non se percibe especialización acusada unida á localización das empresas nestas tres comarcas.

A evolución cíclica do sistema produtivo é moi parella á da empresa media galega, polo que podemos dicir que, malia ser un sector máis vulnerable aos movementos cíclicos da economía, as empresas amosan unha boa capacidade de reacción e adaptación.

Da análise das empresas que presentaron unha traxectoria singular nalgún factor clave para a súa competitividade, destacamos o importante número de empresas de alta produtividade detectadas en cultura, por riba da porcentaxe media en Galicia. En relación ás empresas de alto crecemento por ingresos (gacelas), as de alta rendibilidade e as ben xestionadas, a proporción rexistrada é inferior á media galega.

A análise de todos estes parámetros indica unha situación positiva nalgúns aspectos destacables como o devandito crecemento na xeración de ingresos e de valor engadido en cotas maiores que a media da empresa galega. Estes parámetros non coinciden cun crecemento paralelo no tocante á rendibilidade económica, que ten percorrido para mellorar, sobre todo tendo en conta os rateos positivos que nos ofrece comparativamente o crecemento da produtividade, tal e como destaca a atribución de indicadores deste tipo entre as empresas da cultura.

Dentro do sector cultural atopamos un peso relativo importante da edición e, en menor medida, das actividades de cinematografía e vídeo. A diferenza máis importante entre estes dous subsectores da produción de bens e servizos culturais está en que a edición obtén, con diferenza, unhas evolucións moito máis positivas na maioría dos parámetros. O momento de transformación que vive esta industria obriga a prestarlle especial atención, xa que resulta previsible que aquelas empresas cunha visión máis tradicional do negocio teñan certas dificultades no futuro, non tanto pola súa evolución, como polas incertezas que a dixitalización e contidos e a súa copia proxectan. Nese senso, tamén deberá prestárselle atención á creación artística e cultural, cun peso moi pequeno no conxunto do sistema produtivo, pero cunhas evolucións que permiten crer que aínda existe un nicho de mercado importante.

Podemos facer unha valoración ambivalente sobre o tamaño das empresas culturais. Por unha banda, as empresas pequenas e as microempresas teñen unha serie de vantaxes recoñecidas relativas á flexibilidade, a rapidez na toma de decisións e a capacidade de adaptación ao mercado. Parece, xa que logo, que exista certa relación entre a volatilidade de moitos dos produtos ofertados e o tamaño das empresas da cultura. Pola contra, é ben sabida a dificultade que estas iniciativas teñen para obter financiamento, incidindo negativamente na súa capacidade de expansión en todos os ámbitos. Algo semellante podemos dicir da distribución xeográfica do sistema produtivo. Sabemos que na economía creativa a localización de actividade en ámbitos urbanos permite xerar riqueza no ámbito local, malia que a comercialización dos seus produtos non o sexa. En relación con isto o sector tende a que se cree un mercado dinámico a través de relacións empresariais a nivel local. Por último, aínda que resulta unha achega intanxible, os beneficios sociais da cultura tenden a fomentar a cohesión de grupos e rexións tradicionalmente desfavorecidos, beneficiándose da creatividade o desenvolvemento a través da localización de talento, os rendementos locais de industrias con mercados máis amplos, a xeración de atractivos turísticos e a integración social. Todo isto vén a ter como corolario que existe un potencial importante para que Santiago, A Coruña e Vigo se convertan en cidades creativas.

Á marxe da evolución das empresas estudadas, sabemos tamén que a incidencia directa da creatividade cultural está moi ligada ás TIC. Existe un proceso interactivo entre a produción de ferramentas para a comunicación e a xeración de contidos,



incidindo no desenvolvemento paralelo dos dous sectores. Unha das prioridades do ámbito cultural é o de atopar novos modelos de negocio que permitan optimizar as oportunidades que aparecen na redefinición dun mercado con custos de produción e distribución máis axustados. Nese sentido, as políticas culturais deben seguir apostando por modelos de mercado e creación de riqueza, e incidindo na profesionalización, no fomento da actividade privada e a demanda, na mellora da capacidade competitiva, a diferenciación, a innovación e a busca de mercados internacionais. Os actores privados e os públicos poden establecer estratexias máis amplas que as que se veñen definindo nos últimos anos no relativo á difusión e creación de coñecemento, a través de fórmulas de inclusión de agrupacións de carácter parcial que atenden normalmente a algún subsector específico do sistema produtivo que vimos de describir.

A evolución dos principais indicadores económicos da cultura produtiva en Galicia semella positiva. No futuro será de grande interese observar ata que punto este sistema produtivo desenvolve as capacidades que detectamos. O marco da crise económica global, que determinará ata que punto é posible unha aposta polo coñecemento como xerador de riqueza, será o banco de probas para un conxunto de actividades que constitúen unha das realidades empresariais máis prometedoras de Galicia.



# ANEXOS



## BIBLIOGRAFÍA

ARDÁN (2007), *Estrategias para alcanzar y mantener la alta rentabilidad. La experiencia de las empresas de alto rendimiento*, Vigo, Consorcio da Zona Franca.

ARDÁN-Galicia (2009), *10.000 empresas de Galicia y 1.500 empresas del Norte de Portugal, Directorio e informe económico financiero y de la competitividad*, Vigo, Consorcio da Zona Franca.

COMISIÓN EUROPEA (2006), *The economy of culture in Europe*, Bruselas.

COMISIÓN EUROPEA (2007a), *Cultural Statistics (2007)*, Bruselas.

COMISIÓN EUROPEA (2007b), *Eurobarometer survey on cultural values within Europe, 2007*, Bruselas.

COWEN, T. (2002), *Creative Destruction*, Princeton, PUP.

DRUCKER, P. F. (1999), *Gestión de los retos del siglo 21*, Oxford, Butterworth-Heinemann.

GARCÍA GRACIA, ISABEL et al. (2008), *La dimensión económica de la industria del ocio en España*, Madrid, MacGraw Hill.

HESMONDHALGH, D. (2007), *The Cultural Industries*, Londres, Sage.

HOWKINS, J. (2007), *The creative economy*, Londres, Penguin.

KAPLAN, R. e NORTON, D. (2002), *Cuadro de Mando Integral*, Barcelona, Editorial Gestión 2000.

MINISTERIO DE CULTURA (2006), *El valor económico de la cultura en España*, Madrid.

MINISTERIO DE CULTURA (2007), *El valor económico de la cultura en España. Resultados 2000-2005*, Madrid.

MINISTERIO DE CULTURA (2009), *Anuario de Estadísticas Culturales 2008*, Madrid.

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2008a), *Anuario de Estadísticas Culturais 2006*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2008b), *Anuario de Estadísticas Culturais 2007*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2008c), *Ocio e hábitos culturais dos galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2009), *O turismo cultural en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

SASSOON, D. (2006), *Cultura. El patrimonio común de los europeos*, Barcelona, Crítica.

SCHUMPETER, J. A. (1944), *Teoría del desenvolvimiento económico*, México, Fondo de Cultura.

UNCTAD (2008), *Informe sobre la economía creativa 2008*, Nova York, Naciones Unidas.

## GLOSARIO

### Activo total

Correspóndese co activo total que figura no balance abreviado do modelo de presentación de contas do rexistro mercantil. Calcúlase como suma de todas as partidas do activo restándolle as amortizacións.

### Amortizacións

Nesta partida recóllense as cantidades acumuladas que a empresa destina anualmente para a futura reposición do seu inmovilizado. Reflicte a depreciación que tiveron os activos produtivos da empresa.

### Cash-flow

Indica a cantidade total de recursos que xera a empresa. Calcúlase sumando o resultado do exercicio e a dotación para amortización do inmovilizado.

### Cash-flow / ingresos

É o cociente do cash-flow e os ingresos de explotación.

### Coefficiente de endebedamento

Indica a utilización de financiamento alleo por parte da empresa. Calcúlase dividindo o saldo medio dos recursos alleos totais da empresa entre os recursos propios totais medios.

### Consumos de explotación

Indica os recursos que a empresa consumiu no exercicio. Inclúe os aprovisionamentos e as variacións de existencias.

### Custo medio do emprego

Calcúlase como o cociente entre os gastos de persoal (que inclúe soldos e salarios e cargas sociais) e o número de empregados da empresa.

### Custo neto da débeda

Indica o custo que ten para a empresa o financiamento que non é propio. Calcúlase dividindo a diferenza dos gastos e ingresos financeiros entre o saldo medio dos recursos alleos totais.

### Crecedemento do investimento

Indica a variación interanual do inmovilizado total (descontadas amortizacións) da empresa. Calcúlase restando ao valor do ano (n) o valor do ano (n-1) e dividindo o devandito resultado entre o valor do ano (n-1).

### Crecedemento dos ingresos

Indica a variación interanual dos ingresos de explotación. Calcúlase restándolle ao valor do ano (n) o valor do ano (n-1) e dividindo o devandito resultado entre o valor do ano (n-1).

### Debedores

Recolle o saldo das débedas que terceiros teñen contraídas coa empresa. Dentro desta partida inclúense, entre outras, as débedas de clientes.

### Existencias

Nesta partida recóllese o valor dos produtos que a empresa ten almacenados en calquera fase do proceso produtivo.

### Facturación

Equivalente aos ingresos de explotación.

### Financiamento alleo a c/p

Determinase sumando as partidas contables de provisións para riscos e gastos a curto prazo e acredores a curto prazo.

### Financiamento alleo a l/p

Formada por todas as partidas a longo prazo que terá que devolver a empresa a persoas distintas dos socios. Determinase sumando as partidas contables de provisións para riscos e gastos a longo prazo e acredores a longo prazo.

### Financiamento permanente

Formada por todos os recursos propios e os recursos que a empresa ten de terceiros con compromiso de devolución a máis de 1 ano (é dicir, a longo prazo). É o que contablemente se denomina financiamento básico. Calcúlase sumando fondos propios, acredores a longo prazo, provisións para riscos e gastos a longo prazo e ingresos para distribuír en varios exercicios.

### Financiamento propio

Son aqueles recursos da empresa que non teñen ningún grao de esixibilidade. Calcúlase sumando fondos propios e ingresos que se distribuirán en varios exercicios. A razón de considerar esta última partida como recurso propio débese a que ao ser un ingreso periodificable non posúe

ningún grao de esixibilidade, a pesar de que sexa un recurso propio de escasa duración.

#### **Fondo de rotación**

Mide a axeitada estrutura do financiamento da empresa, para evitar problemas de liquidez. Obtense restándolle ao activo circulante o pasivo circulante.

#### **Fondos propios**

Inclúe todos aqueles recursos da empresa que non teñen prazo de esixibilidade e que foron achegados polos socios ou xerados pola propia empresa. Están formados polas partidas: capital subscrito, reservas, resultado de exercicios anteriores, perdas e ganancias e outros fondos propios.

#### **Fontes de financiamento**

O pasivo e o neto constitúen as fontes de financiamento e expresan as orixes dos recursos ou medios financeiros de que a empresa dispón para empregar nos seus investimentos.

#### **Gastos amortizables**

Cantidades satisfeitas pola empresa en concepto de gastos que han de imputarse ao longo de varios exercicios. Inclúe os gastos de establecemento e os gastos para distribuír en varios exercicios.

#### **Gastos de persoal**

Nesta partida recóllese a totalidade dos gastos que supón o equipo de empregados da empresa; que será a suma de soldos e salarios máis cargas sociais.

#### **Gastos de persoal / ingresos explotación**

Indica a relación que existe entre os gastos de persoal que soporta a empresa e os ingresos que se obteñen. Calcúlase como o cociente entre os gastos de persoal e os ingresos de explotación.

#### **Gastos financeiros**

Inclúese nesta partida todo tipo de gastos en que incorre a empresa cando solicita fondos a terceiros para o seu financiamento.

#### **Impostos**

Cantidades que a empresa aboa en concepto de taxas ou tributos. Determinábase sumando os importes do imposto de sociedades e doutros impostos.

#### **Ingresos distrib. varios exercicios**

Ingresos imputables a exercicios futuros que se difiren por parte da empresa. Distinguimos principalmente: subvencións de capital (oficiais e non oficiais), ingresos por intereses diferidos e diferenzas positivas en moeda estranxeira.

#### **Ingresos de explotación**

Son os ingresos xerados pola actividade normal do negocio. Calcúlase como a suma do importe neto da cifra de negocios (ventas e prestación de servizos) e doutros ingresos de explotación (aumento de existencias, traballos realizados para o inmovilizado, subvencións, exceso de provisións de riscos e gastos,...).

#### **Ingresos de explotación / empregado**

Recolle a produtividade do traballo. Obtense dividindo os ingresos de explotación entre o número de empregados.

#### **Ingresos financeiros**

Son aqueles ingresos que se derivan da colocación do efectivo da empresa nas distintas opcións financeiras.

#### **Inmovilizado inmaterial**

Engloba os elementos patrimoniais intanxibles constituídos por dereitos susceptibles de valoración económica. Considérase neto. Inclúe as seguintes partidas: gastos de investigación e desenvolvemento, concesións, patentes, licenzas, marcas e similares, fondo de comercio, dereitos de traspaso, aplicacións informáticas, dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro, anticipos, outras inmovilizacións inmateriais e minorárase na contía das amortizacións e provisións.

#### **Inmovilizado material**

Engloba os elementos patrimoniais tanxibles, mobles ou inmoebles. Considérase neto. Inclúe as seguintes partidas: terreos e construcións, instalacións técnicas e maquinaria, outras instalacións, ferramenta e mobiliario, anticipos e inmovilizacións materiais en curso, outro inmovilizado e minorárase na contía das amortizacións e provisións.

#### **Investimento en circulante**

Inclúe as partidas: existencias, debedores, tesourería e outro activo circulante.

#### **Investimento en fixo**

Calcúlase restándolle ao activo total o activo circulante.

#### **Investimento total**

Correspóndese co activo total que figura no balance.

#### **Marxe**

Este rateo indica a porcentaxe de beneficio xerada polas vendas, con independencia do posterior destino deste beneficio (pagamento de xuros, impostos, dividendos, etc.). Obtense dividindo o beneficio antes de intereses e impostos, entre as vendas netas totais expresadas na partida ingresos de explotación.

#### **Outro activo circulante**

Inclúe aquelas partidas do activo circulante que non están recollidas en existencias, debedores ou tesourería, como son accionistas por desembolsos esixidos, axustes por periodificación, investimentos financeiros temporais, etc.

#### **Outro activo fixo**

Inclúe aquelas partidas do activo fixo que non están recollidas en inmovilizado inmaterial, inmovilizado material nin noutro inmovilizado.

#### **Outro inmovilizado**

Nesta partida recóllense os elementos do inmovilizado incluídos nas seguintes subpartidas: inmovilizacións financeiras, accións propias e debedores por operacións de tráfico a longo prazo.

#### **Rendibilidade económica**

Mide a capacidade que ten a empresa para xerar beneficios independentemente do financiamento que utilice para obtelos. Este rateo resulta de dividir o beneficio antes de intereses e impostos entre o activo total neto medio.

#### **Rendibilidade financeira**

Mide a rendibilidade para o accionista en función dos recursos comprometidos na empresa. Rateo que resulta de dividir o beneficio neto da empresa entre os recursos propios medios (fondos propios e ingresos que se distribuirán en varios exercicios) desta.

#### **Resultado neto**

É o resultado final da empresa despois de impostos. Calcúlase como diferenza entre todos os ingresos e todos os gastos da empresa.

#### **Rotación de activos**

Indica a relación que existe entre o volume de negocio que xera a empresa e os activos que posúe. É un indicador da eficiencia con que se xestionan os activos da empresa. Calcúlase dividindo a partida de ingresos de explotación entre o saldo medio do activo total.

#### **Rotación de existencias**

Indica o número de veces que a empresa move as súas existencias totais ao longo do ano. Calcúlase dividindo os consumos de explotación do exercicio entre o saldo medio das existencias.

#### **Resultado antes de impostos**

É o resultado que xera a empresa antes de descontarlle os impostos. Calcúlase como diferenza de todos os ingresos da empresa e todos os gastos, con excepción dos impostos.

#### **Resultado de actividades extraordinarias**

É o que se xera a partir da diferenza existente entre ingresos extraordinarios e gastos extraordinarios.

#### **Resultado de actividades ordinarias**

É a suma do resultado de explotación e do resultado financeiro.

#### **Resultado económico bruto de explotación (EBITDA)**

É o resultado xerado pola actividade propia da empresa. Calcúlase como diferenza entre os ingresos de explotación e os gastos de explotación.

#### **Resultado económico neto de explotación (EBIT)**

Calcúlase restándolle ao resultado económico bruto de explotación as amortizacións.

#### **Resultado exercicio / ingresos explotación**

Establece a relación que existe entre o resultado final e os ingresos xerados pola actividade normal da empresa. Calcúlase como cociente entre o resultado do exercicio e os ingresos de explotación.

#### **Resultado explotación / ingresos explotación**

Establece a relación que existe entre o resultado de explotación e os ingresos xerados pola actividade normal da empresa. Calcúlase como o cociente entre o resultado de explotación e os ingresos de explotación.

#### **Resultado financeiro**

Calcúlase restándolles aos ingresos financeiros os gastos financeiros.

#### **Resultado neto do exercicio**

É o resultado final da empresa despois de impostos. Calcúlase como diferenza entre todos os ingresos e todos os gastos da empresa.



**Taxa de crecemento**

Indica a variación interanual da variable estudada. Calcúlase restándolle ao valor do ano (n) o valor do ano (n-1) e dividindo o devandito resultado entre o valor do ano (n-1).

**Tesourería**

Saldos en efectivo que a empresa ten á súa disposición en bancos ou en caixa.

**Valor engadido bruto a custo de factores (VEBcf)**

O valor engadido creado por unha empresa virá determinado pola diferenza entre as vendas netas e o consumo de bens e servizos adquiridos no exterior.

**VEB / empregado**

Este rateo é unha axeitada medida da produtividade da man de obra.

**VEB / ingresos**

Este rateo supón unha medida de capacidade en termos de marxe.

**CODIFICACIÓN CNAE**

CNAE	Descrición
<b>A</b>	<b>AGRICULTURA, GANDERÍA, CAZA E SILVICULTURA</b>
<b>01</b>	<b>AGRICULTURA, GANDERÍA, CAZA E ACTIVIDADES DOS SERVIZOS RELACIONADOS CON ELAS</b>
01.1	Produción agrícola
01.11	Cultivo de cereais e outros cultivos
01.110	Cultivo de cereais e outros cultivos
01.12	Cultivo de hortalizas, especialidades de horticultura e produtos de viveiro
01.121	Cultivo de hortalizas
01.122	Cultivo de flores e plantas ornamentais
01.13	Cultivo de froitas, froitos secos, especias e cultivos para bebidas
01.131	Cultivo da vide
01.132	Cultivo de cítricos
01.133	Cultivo da oliveira
01.134	Cultivo doutras froitas, froitos secos, especias e cultivos para bebidas
01.2	Produción gandeira
01.21	Explotación de gando bovino e produción de leite cru
01.210	Explotación de gando bovino e produción de leite cru
01.22	Explotación de gando ovino, caprino e equino
01.221	Explotación de gando ovino e caprino
01.222	Explotación de gando equino
01.23	Explotación de gando porcino
01.231	Explotación de gando porcino intensivo
01.232	Explotación de gando porcino extensivo
01.24	Avicultura
01.240	Avicultura
01.25	Outras explotacións de gando
01.250	Outras explotacións de gando
01.3	Produción agraria combinada coa produción gandeira
01.30	Produción agraria combinada coa produción gandeira
01.300	Produción agraria combinada coa produción gandeira

CNAE	Descrición
01.4	Actividades de servizos relacionados coa agricultura e gandería, agás actividades veterinarias; mantemento de xardíns
01.41	Actividades de servizos relacionados coa agricultura; mantemento de xardíns
01.410	Actividades de servizos relacionados coa agricultura; mantemento de xardíns
01.42	Actividades de servizos relacionados coa gandería, agás actividades veterinarias
01.420	Actividades de servizos relacionados coa gandería, agás actividades veterinarias
01.5	Caza, captura de animais e repoboación cinexética, incluídas as actividades dos servizos relacionados con elas
01.50	Caza, captura de animais e repoboación cinexética, incluídas as actividades dos servizos relacionados con elas
01.501	Caza e captura de animais
01.502	Repoboación cinexética
01.503	Actividades dos servizos relacionados coa caza
